

as pontes

O novo Plan de Vivenda aposta pola rehabilitación e o alugueiro. **Páx. 7**

castro de rei

A Deputación fará unha granxa de porco celta na Gayoso Castro. **Páx. 13**

guitiriz

A ANPA do colexio Lagostelle protesta polo servizo de comedor. **Páx. 14**

abadín

Instalan 818 lámpadas LED no alumeadado público en catro parroquias. **Páx. 23**

deportes

O Korreo e o Castro gañan dúas finais da Copa Deputación de fútbol sala. **Páx. 30**

Friol liderará a atención ao autismo en Galicia



A rúa da Pravia cambiará de sentido o día 9

Vilalba conta tamén cunha nova zona azul e prohíbese aparcarse a camiións ao lado do centro de saúde. **Páx. 3**

A Deputación presenta o seu orzamento

Tomé asegura que este ano crecerá ata os 130 millóns de euros, un 12 % máis. **Páx. 27**

Manifestación pola falta de pediatras

A veciñanza de Castro de Rei, Cospeito e Outeiro de Rei fixo a súa protesta no centro de saúde. **Páx. 29**

CPI Virxe do Monte



Celebra este mes o 50 aniversario da súa creación. **Páx. 19**

Feira do Mel de Montaña



Muras acollerá o día 17 a novena edición desta cita de novembro. **Páx. 15**

CB Vila de Meira



O club retomou a competición esta tempada despois de 13 anos inactivo. **Páx.31**

NOVALUX
lentes de contacto

O SEU MUNDO, CLARO E NÍTIDO

Coida da súa visión, **a miopía precisa control** para retardar o seu avance.

Vilalba
982 51 01 00

As Pontes
981 45 15 04



Andrea Barreiro recibiu o Agustín Fernández Paz

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, destacou a importancia “de manter vivo o legado de Agustín Fernández Paz, potenciar a literatura dirixida á infancia e á mocidade, e impulsar o noso compromiso pola igualdade de xénero, raza ou nacionalidade”. Estes tres son os obxectivos do premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola Igualdade.

Á entrega do premio no auditorio municipal á gañadora, Andrea Barreiro, asistiron tamén Marisa Barreiro, presidenta do Instituto de Estudos Chairegos; Fran Alonso, director de Edicións Xerais, e Manuel Braga-

do, membro do xurado do Premio. A presentadora do acto foi a xornalista Carme Hermida.

Andrea Barreiro é a gañadora do VII premio Agustín Fernández Paz coa súa obra ‘Quen precisa unha avoa?’, unha divertida novela na que, a través do humor, fala da conciliación, do afecto, a solidariedade, da relación entre diferentes xeracións, de igualdade e das necesidades das persoas maiores.

No acto, actuaron a Banda de Música de Vilalba, as Regueifeiras da Chá do Instituto Basanta Silva, Pablo del Valle, e Corredores de Sombra.

Unha obra na ETAP solucionará os problemas de turbidez da auga

O Pleno de Vilalba aprobará a realización dunhas obras na ETAP que servirán para solucionar os episodios de turbidez na auga que se producen no casco urbano en determinados momentos do ano.

Estes traballos, para a instalación de decantadores lamelares e filtros na estación de tratamento de auga potable de San Simón e Cañotas, “están incluídos no convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e o Concello de Vilalba, dando resposta ademais a unha demanda veciñal”, explica a alcaldesa, Marta Rouco.

Unha vez adjudicadas as obras, o prazo de execución será de tres meses.

“Todo o que ten que ver co ciclo da

auga é prioritario para o goberno local de Vilalba, de aí a importancia do convenio de que xestionamos coa CHMS, que posibilita diferentes obras de mellora no abastecemento e o saneamento”, engade.

A principios de ano remataron as obras de mellora da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Vilalba, tras un investimento de 1,7 millóns de euros. O obxectivo da actuación era limitar as verteduras sen tratamento adecuado ao río Madalena, para o que se acometeron dúas actuacións: a ampliación do pretratamento da EDAR e a construción dun tanque de tormentas.

“Agora chega a quenda das ETAP de San Simón e As Cañotas, despois de varias reunións coa Confederación

Hidrográfica para xestionar e planificar os novos pasos do convenio entre as dúas entidades”, sostén Marta Rouco.

Por outra parte, o Pleno aprobou tamén unha proposta de modificativo de crédito para a renovación de tres pistas nas parroquias de Nete e Oleiros.

Unha delas, en Nete, é o acceso a Bouza e Lourixe; en Oleiros, o vial que vai do barrio de Agadín (límite co Abeledo) ata o barrio da Granda, desembocando na estrada da Deputación recentemente renovada que conecta coa Feira do Monte, e tamén a pista que vai da estrada da Deputación, ao seu paso por Oleiros, pasando polos barrios de Vilariz e Carboeiro ata o límite con Cospeito.

A cativada inaugurou un renovado parque da rúa da Emigración

A cativada vilalbesa foi a encargada de inaugurar o renovado parque da rúa da Emigración, no cal se instalou unha nova corda tirolesa de máis de 25 metros de lonxitude que os mozos e mozas xa puideron estrear.

“É un verdadeiro pracer que o evento tivera tan boa acollida, unha verdadeira alegría compartir esta xornada con tantos nenos e nenas ilusionados por coñecer as novas instalacións”, asegurou a alcaldesa, Marta Rouco, quen cifrou en máis de 200 o número de merendas gratuítas repartidas.

Nesa liña, os nenos e nenas, ademais de estrear o renovado parque puideron gozar dunha merenda composta por un bocadillo, froita e auga.

Ademais da nova corda tirolesa, os nenos e nenas tamén tiveron a oportunidade de comprobar o resultado da renovación dos demais elemen-



tos de xogo do parque e as familias puideron coñecer as novas zonas de descanso e a innovadora estrutura aberta e accesible para favorecer a integración do parque na contorna.

Pola súa banda, o concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Luis Fernández, tamén amosou o seu “agradecemento a todas as familias e demais veciños que se achegaron a

comprobar o resultado das obras”, á vez que asegurou que “dende o equipo de goberno estamos traballando en mellorar os espazos públicos da nosa infancia e mocidade, de forma que poidamos ofrecer diversidade e á vez calidade, grazas á futura renovación dos demais parques do casco urbano e á instalación de novos e innovadores espazos de lecer”.

CENTENARIO



O veciño de Vilalba César Novo Fernández cumpriu cen anos logo dunha vida intensa, con seis fillos e moitos anos dedicado a arranxar aparatos de televisión en Vilalba. A alcaldesa achegouse para felicitalo. “Pasamos un rato moi agradable con César e a súa familia, escoitando as súas anécdotas xa que foi testemuña do que cambiou Vilalba en 100 anos”, asegura.





POR CADA
10€
DE COMPRA
TE DESCANTAMOS
1€
EN TU
SIGUIENTE COMPRA




RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus



A reorganización do tráfico

O Concello acometeu despois do verán unha serie de melloras como o cambio de sentido da Pravia ou a nova zona azul pedida polos comerciantes

O Concello de Vilalba acometerá finalmente o cambio de sentido de circulación na rúa da Pravia a partri do sábado 9 de novembro ás 10:00 horas. Para facilitar a transición, están previstos varios traballos previos de sinalización e pintado na vía.

O xoves 7 de novembro comezarán as modificacións na sinalización para adaptar a rúa ao novo sentido de circulación. O venres 8, a rúa pecharase brevemente ao tráfico para realizar os traballos de pintado necesarios.

Ademais, o sábado 9, prohíbese o estacionamento entre as 9:00 e as 10:00 horas para que os vehículos poidan aparcar xa seguindo a nova dirección.

Esta medida enmárcase nos plans de mobilidade e mellora do tráfico promovidos pola Vicealcaldía, co obxectivo de optimizar a circulación e facilitar o acceso ao comercio local. Para tomar esta decisión fíxose un estudo para determinar a opción máis beneficiosa para a vila.

Pero ademais desta, tomáronse outras medidas.

ZONA AZUL. A mediados de outubro entrou en vigor a ampliación da Zona Azul, que afecta á praza de San Xoán e a un tramo da rúa de Galicia comprendido entre a súas interseccións coas rúas do Calvario e a rúa Nova.

Renda contextualizou a medida na necesidade de "dar resposta a unha demanda unánime dos comerciantes e hostaleiros/as de ámbalas dúas localizacións".

O horario é o mesmo que o das restantes zonas xa reguladas, isto é: de luns a sábado de 09:00 a 14:00 horas, estando permitido o estacionamento de maneira gratuíta nun período máximo de 90 minutos.

"O noso obxectivo é evitar que se aparque o vehículo desde a mañá



ata a noite, ao tempo que se deixa unha marxe de tempo gratuíta para facer xestións ou compras", declarou.

APARCADOIRO DO CENTRO. Logo de recibir a Área de Mobilidade innumerables queixas por parte de residentes da rúa Benxamín Paz e contorna e dos usuarios do centro de saúde decidiuse prohibir o estacionamento de camións nos terreos que confirman o Aparcadoiro Municipal do propio centro médico.

Así, quedou terminantemente prohibido o estacionamento de vehículos de grande tonelaxe en toda a explanada, co fin de que unicamente dea o servizo para o que este aparcadoiro público foi concibido, isto é: para que os usuarios do Centro de Saúde e os veciños e veciñas residentes estacionen os seus turismos.

Con todo, o tenente de alcalde avanzou xa que nos vindeiros días o Concello habilitará dúas zonas de aparcamento público, exclusivo para camións e vehículos de alto tonelaxe no Polígono Industrial e deixou claro que a vontade da Área de Mobilidade é só limitar o aparcamento de camións en zonas moi concretas e que contan con alternativas moi próximas, como é este caso.

CALMADO DE TRÁFICO. Adoptáronse tamén medidas de calmado de tráfico na rúa Benxamín Paz e nos puntos máis conflictivos da zona rural. Así, reforzouse a sinalización e colocáronse novas bandas reductoras da velocidade na rúa Benxamín Paz (Centro urbano) e nas vías de acceso a Moscarán (Árbol), á Escoira (Xoi-bán) e a Frouxeira (Sancovade).

Tamén se recolocaron as da rúa da Feira e Ferrería (Centro urbano) e nos próximos días está prevista a colocación de novas bandas na vía de acceso á Igrexa (Mourence).

Tal e como explicou Renda, o modelo de banda elixido foi o menos agresivo do mercado (3 cm de altura) e a solicitada medida complementouse coa colocación de sinalización vertical, "co fin de darlle cumprimento á lexislación vixente".

BOLARDOS. Instaláronse 13 bolardos e o reforzo da sinalización horizontal en varias rúas do centro urbano, co obxectivo último de facilitar a entrada e a saída de garaxes e cruces con pouca visibilidade.

Así, dende o Concello actuouse nas rúas Benxamín Paa, da Emigración, da Feira, Foz, Domingo Goás, Conde Pallares, das Pedreiras, Campo de Puente e rúa de Begonte.

Marta Rouco fai balance do seu primeiro ano como alcaldesa

Marta Rouco cumpre un ano como alcaldesa de Vilalba, "doce meses que pasaron moi rápido, pero penso o mesmo que o primeiro día, é un orgullo e unha responsabilidade ser a alcaldesa dos meus veciños e veciñas".

"Desde o primeiro día, o meu obxectivo foi mellorar os servizos que o concello presta aos veciños, dando resposta ás necesidades da xente cunha xestión eficiente dos recursos", explica.

"Quero tamén que os veciños e veciñas perciban que hai unha alcaldesa que recibe a todo o mundo e reúnese con todas as asociacións e entidades que o piden, escoitando as súas demandas e atopando solucións na medida do posible", engade.

En palabras de Marta Rouco, "creo que é ademais importante que a xente vexa que nos implicamos nas actividades do tecido asociativo, deportivo e cultural, apoiando e asistindo a estas actividades".

"En resumo, empatía, proximidade e traballo na nosa acción de goberno; e a partir destes obxectivos prioritarios, desenvolvemos e executamos todas as nosas accións de goberno", sostén a alcaldesa.

BALANCE. Marta Rouco incide en que "todos os proxectos e iniciativas que levan tamén un gasto municipal, unha partida orzamentaria, dan resposta a estes obxectivos do goberno e da alcaldesa".

Como exemplo do traballo realizado neste ano, executáronse numerosas melloras de infraestruturas públicas (instalacións deportivas e educativas, parques infantís, novas piscinas municipais), rexeneráron-



se todas as vías da contorna da praza da constitución e no rural realizáronse máis de 10 quilómetros de pistas grazas ao acordo alcanzado coa Deputación de Lugo.

Dentro dos servizos públicos, o novo contrato do lixo suporá grandes melloras no casco e as parroquias, continuas actuacións nas redes de alumeadamento, saneamento ou abastecemento.

As políticas sociais e de conciliación son un pilar do goberno local: Axuda no Fogar, Escola infantil municipal, comedor da escola infantil, servizo de Madrugadores, CIM, xestión do novo PAI, ou atención temperá.

XUNTA. Marta Rouco lamenta que "non hai en Galicia unha capital de comarca máis esquecida pola Xunta que Vilalba".

"Desde o ano 2019, Vilalba non recibiu ningún investimento real dos orzamentos da Xunta, máis alá dos cartos aos que temos dereito e reciben os 313 concellos de Galicia"; explica.

SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA

NEUMÁTICA
HIDRÁULICA
TRANSMISIÓN
HERRAMIENTAS
ACEITES

TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO

CUCHILLAS
MUELLES
CORREAS
RODAMIENTOS

TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS

JOHN DEERE eni
CEPSA BCS
PETRONAS BZ
TIMKEN

TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS

Milwaukee
Nothing but HEAVY DUTY.



RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53
Pol. Ind. Sete Pontes
27800 Vilalba - Lugo
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656
recambios@sesacar.com

Abre o prazo de inscrición para a Escola de Teatro

Xa está aberto o prazo de inscrición para a Escola Municipal de Teatro do curso 2024/25, unha noticia moi agardada por veciños e afeccionados ás artes escénicas. A inscrición pode facerse ata o 12 de novembro.

As persoas interesadas poderán formalizar a súa inscrición presencialmente no Departamento de Cultura do Concello ou mediante o rexistro na Sede Electrónica.

As clases, que se impartirán todos os xoves lectivos no Auditorio, estarán dirixidas a tres grupos: infantil, xuvenil e adultos, con horarios e tarifas adaptadas a cada nivel. Os máis novos, de 6 a 11 anos, terán clases de 17.00 a 18.00 horas por 30 euros, mentres que o grupo xuvenil será desde as 18.00 ás 19.30 horas e custarán 60 euros. Co mesmo prezo impartiranse as clases de adultos, de 20 a 22 horas.

Serán do Magosto en Sancovade

O próximo 9 de novembro, Santiago de Sancovade celebrará o seu esperado Serán do Magosto. A partir das 18:30 horas, os grupos Entre Lusco e Fusco, Mestura de Nete, Cerna de Árbol, Batifoula, No Cómaro e Buxos Verdes encherán os bares locais de melodías populares galegas, ofrecendo un percorrido musical polas tabernas Estudante, As Xaquinas, Teyma, O Porrón, Trebol e Tony. A partir das 20:30 horas, a festa trasladarase á Frouxeira, onde os asistentes poderán gozar dun magosto tradicional con castañas, liscos, xamón cocido, chocolate e outras delicias propias da época. Para completar a noite, o grupo Os do Campo ofrecerá un concerto e haberá unha foliada libre, onde todos están convidados a participar.

Organizado pola Asociación Cultural Santiago de Sancovade e Árdelle o Eixo, este serán promete ser un punto de encontro para veciños e visitantes que desexen celebrar a chegada do outono a través da música e a gastronomía galega.

Aumenta a partida orzamentaria destinada a infraestruturas rurais

O Pleno do Concello de Vilalba aprobou unha proposta do tenente de alcalde e responsable de Infraestruturas Rurais Modesto Renda que incrementará en 46.000 euros o diñeiro destinado ás parroquias e posibilitará a rexeneración e mellora de tres vías de titularidade municipal en Nete e Oleiros.

Concretamente trátase da vía de acceso aos barrios da Bouza e Lourixe, na parroquia de Nete; da que une os barrios do Cal da Pena, Vilariz e o Carboeiro co veciño Concello de Cospeito dende a estrada da Deputación, na parroquia de Oleiros (coñecida como estrada de Cartas), e a vía que une a última casa do barrio de Agadín, o Abeledo e A Granda, ata o enlace coa estrada da Deputación que une Oleiros coa Feira do Monte, en Cospeito. A iniciativa foi apoiada por todos os grupos con representación municipal e o investimento total do Concello nas parroquias no

que vai de lexislatura ascende aos 787.000 euros, se se suman os proxectos de obra rematados e os que na actualidade están en execución.

A proposta de Renda ó Pleno consistía en traspasar os 46.000 euros non executados da partida consignada para sufragar as nóminas do persoal do Museo (75.000 euros) á que actualmente está destinada ás obras no rural. Unha cantidade non executada, pois a unha solicitude de excedencia, cómpre sumarlle a dunha baixa laboral que arrojan como resultante que, na presente anualidade, ese diñeiro en ningún caso podería dedicarse ó fin último para o que foi consignado.

“Trátase de facer da necesidade virtude, xa que falamos dunha importante cantidade que quedaría sen executar. A política municipal son prioridades e o estado destes tres vías obrigábanos a actuar”, explicou Renda.



O PP acusa un abandono e falta de xestión das instalacións deportivas

Os concelleiros do PP de Vilalba comparten o malestar dos vilalbeses e vilalbesas ante a “ausencia total de xestión, preocupación e control” do goberno municipal en materia de deportes como evidencia “a falta de control de apertura e peche no pavillón municipal e o mal estado do terreo de xogo do estadio municipal da Magdalena”. Nese sentido, condenan “o abandono total das súas funcións” porque deriva “no descontrol dos cartos de todos os vilalbeses e vilalbesas”.

Os populares advirten que “a pasada semana o pavillón quedaba aberto e coas luces acendidas a medianoite despois dun partido de fútbol sala”. O Concello é o responsable do servizo de limpeza e conserxería das instalacións deportivas municipais que ten externalizado; pero “o goberno local non fai o debido seguimento da prestación deste servizo ao que dirixe diñeiro de tódolos vilalbeses”. Ademais, o feito de que ninguén peche ou apague as luces, supón outro gasto para as arcas municipais: o incremento da factura da luz de forma innecesaria.

O estado do estadio municipal da Magdalena é moi deficiente debido á falta dun mantemento adecuado do terreo de xogo, a pesar de que “o Concello dirixe 4.000 euros ao mes para o coidado da Magdalena, pero sen controlar os traballos”. E “iso impide que poida acoller distintas competicións”, é dicir, “Vilalba dispón dunha instalación deportiva que non se pode empregar”.

Os populares piden ao goberno local “tomar medidas” de forma inmediata porque “esta situación pode empeorar de cara ao inverno”. O club local -o Rácing Club Villalbés- terá que celebrar, por primeira vez, un dos seus encontros como local noutra localidade.

Os concelleiros do Grupo Municipal Popular esixen “máis control” por parte da concellería de deportes sobre os servizos de limpeza e conserxería, como teñen demandado noutras ocasións, e nos labores de mantemento do campo da Magdalena que permitan darlle uso en condicións de seguridade aos usuarios e usuarias.

POLÍGONO. Propoñen tamén que o Concello inicie un estudo para unha nova fase de solo industrial para o polígono Sete Pontes. A proposta do Grupo Municipal Popular diríxese a estudar a ordenación e planificación de novo solo industrial para poder levar a cabo unha nova ampliación co fin de asentar novas empresas ou ampliar as existentes. Tamén instan ao Concello a “buscar liñas de financiamento para esta expansión coas diferentes administracións públicas” coma o propio Concello, a Deputación de Lugo, a Xunta de Galicia ou o Goberno de España.

Así mesmo, queren que o goberno local explique en que estado se atopan as últimas adjudicacións de parcelas do polígono. Tamén piden ao goberno local que corrixa os estragos nos parques infantís.

FORMACIÓN



Estudios Rafer e o Concello de Vilalba presentaron un novo programa de recualificación profesional para a inserción laboral. Este terá lugar no Centro Cultural e Recreativo e nel poden coñecerse todos os detalles dos certificados profesionais ofertados no programa e participar nun networking. En concreto as titulacións oficiais para o emprego ofertadas son as de operario de limpeza en instalacións industriais, especialista en xestión ambiental e operador en instalacións renovables.



A DEPUTACIÓN INVISTE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS

A Deputación mellora a estrada que conecta Ponte de Outeiro co cinto comarcal en Castro de Rei.

Os traballos, nos que a institución provincial investiu preto de 130.000€, afectaron a un tramo de case tres quilómetros ao final da LU-P-1105 e consistiron na reapertura das cunetas, pavimentación con aglomerado en quente e na reposición da sinalización.



Trátase dunha actuación moi importante porque esta estrada dá servizo a varias casas e explotacións gandeiras, serve de acceso a rutas de sendeirismo e é moi empregada pola veciñanza porque conecta a vía autonómica LU-120, no lugar da Ponte de Outeiro, co cinto comarcal (LU-P-1611) á altura da parroquia de Quintela.



Castelo, Nº1. 27152 Outeiro de Rei (Lugo) / Tfno.: 982 393 286
informacion@blancostrigo.com / www.blancostrigo.com



A directora xeral de Mobilidade visita a estación de autobuses

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, mantivo un encontro coa directora xeral de mobilidade, Judit Fontela, na estación de autobuses da vila, onde tamén estiveron o arquitecto técnico municipal e unha das técnicas da dirección xeral de mobilidade. Logo de 9 meses agardando unha xuntanza coa directora xeral de mobilidade, a alcaldesa, Marta Rouco, conseguiu reunirse con Judit Fontela o pasado mes de xullo, cando esta última se comprometeu a visitar Vilalba no mes de setembro para estudar in situ a situación da estación.

Durante a visita a alcaldesa trasladoulle á directora xeral de mobilidade a importancia de “manter o que xa temos e que a estación de autobuses volva ser o punto central ao que chegan e do que saen todas as rutas que pasan por Vilalba”.

Nesa liña, a proposta por parte do Concello pasa por manter as dársenas actuais, de forma que todas as empresas de autobuses acudan a elas para deixar e recoller pasaxeiros, instalar nesa mesma zona unha infraestrutura que permita aos viaxeiros resgardarse mentres agardan, habilitar un acceso aos baños da estación e acondicionar a contorna. Ademais, “é fundamental que se



instale algún panel informativo para que os pasaxeiros poidan consultar as rutas, saber a que horas chegan ou saen os autobuses e onde conseguir os billetes”, sinalou a alcaldesa, Marta Rouco, quen explicou que “ninguén sabe dicir onde e a que hora pasan os autobuses por Vilalba porque cada empresa foi mudando as paradas e o lugar de venda dos billetes por culpa do estado no que se atopa a estación de autobuses”.

Pola súa banda, a directora xeral de mobilidade, Judit Fontela, asegurou que se avaliará, mediante un estudo técnico, a alternativa proposta polo Concello de Vilalba e a posibilidade de instalar unha dársena nas inme-

diacións da estación, o que suporía o peche definitivo do recinto.

“A opción de instalar unha dársena ao lado da estación consideramos que non achega nada positivo. Penso que é mellor aproveitar o que xa hai que construír algo novo para deixar abandonada a estación”, apuntou a alcaldesa, Marta Rouco, quen engadiu que “nesa fórmula seguiría sen haber uns servizos mínimos porque non existiría un acceso aos baños, fundamentais para os usuarios”.

Finalmente, Rouco salientou que “a estación inaugurouse no ano 91 como un gran fito do Partido Popular pero agora os propios populares pretenden pechala definitivamente”.

As parroquias contarán con varias actividades

Vilalba contará cun novo programa de dinamización rural a través de actividades financiadas pola Deputación e dirixidas a todas as xeracións. En concreto, o programa inclúe actividades de iniciación ao deporte, manualidades, memoria, ximnasia de mantemento e novas tecnoloxías que se levarán a cabo nun total de dezaseis parroquias: Lanzós, Carballido, Torre, Nete, Noche, Tardade, Árbol, Alba, Sancovade, Ladra, Distriz, Santaballa, Belesar, Vilapedre, Codesido e Goiriz.

“Grazas ao compromiso da Deputación de Lugo co noso Concello puidemos impulsar este novo programa de dinamización rural que se levará a cabo en todas aquelas parroquias nas que as asociacións de veciños manifestaron a súa vontade de participar”, explicou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco.

Nesa liña, dende o Concello de Vilalba realizouse unha rolda de contactos previos con todas as asociacións veciñais rexistradas nas diversas parroquias do municipio, de tal forma que as actividades de dinamización rural se repartiron entre as asociacións interesadas en participar neste novo programa.



Así, as actividades terán lugar nos meses de novembro, decembro e xaneiro en horario de tarde de luns a venres. Os veciños interesados en participar nas mesmas non precisarán inscribirse de forma previa e tampouco deberán abonar ningunha cota, pois trátase de actividades totalmente gratuítas.

A alcaldesa salientou “a colaboración entre institucións para poder sacar adiante proxectos de interese xeral, como neste caso a Deputación, que amosa o seu compromiso co noso municipio a través deste programa de dinamización rural”.

Inviste en Friol



CONCELLO DE FRIOL



Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

EN BREVE

MESTRE MATEO. O Iescha organiza a proxección da película documental Emoción, vida e teatro. A Nave das Mariás, de Saamira Ganay e Cris Andina, continuando así co Ciclo Mestre Mateo, que durante o último trimestre do presente ano 2024 brindaranos a oportunidade de poder desfrutar das películas finalistas (documentais, longametraxes e curtas) dos XXII Premios Mestre Mateo. Esta quinta proxección terá lugar no Auditorio Municipal de Vilalba o domingo 10 de novembro, ás 20:00 horas.

CORBELLE. A Asociación de Veciños de Corbelle organiza unha festa de Magosto o sábado 9 de novembro, ás 14:30 horas, na Casa Escola de Corbelle, amenizada polo Dúo Pedriñas.

CANTAR DELAS. O concerto Creadores de Música, a cargo do grupo coral Cantar Delas, dirixido por Fernando Gómez Jácome, terá lugar no Auditorio Municipal de Vilalba o sábado 9 de novembro, ás 20:00 horas. A entrada sera de balde, pero haberá que realizar a correspondente reserva na web do Concello, na casa da cultura ou o mesmo día no auditorio.

SANCOVADE. O 16 de novembro, a Asociación de Veciños Santiago de Sancovade impartirá un obradoiro sobre plantas medicinais, que terá lugar entre as 10:00 e as 14:30 horas. Durante a xornada, os asistentes aprenderán a elaborar catro produtos cosméticos para o coidado persoal e outros catro produtos de limpeza sen químicos, reducindo así os residuos contaminantes.

ESCOLA INFANTIL. A escola infantil municipal de Vilalba conta xa cun desfibrilador semiautomático (DESA). Este desfibrilador darase tamén de alta na Fundación Pública de Urxencias Sanitarias de Galicia 061, de tal forma que poderá empregarse nos espazos públicos máis próximos en caso de emerxencia. As profesionais da escola, que conta con 41 nenos e nenas, recibirán unha formación específica para coñecer o funcionamento pormenorizado do dispositivo.



Vilalba mellora uns trinta de pasos de peóns na vila

A Cellería de Infraestruturas Urbanas do Concello de Vilalba vén de dar conta dun novo proxecto de repintado e mellora da sinalización horizontal en máis dunha quincena de rúas do casco urbano vilalbés, no que se inclúe o cebreado dos pasos de peóns e o repintado da sinalización horizontal para mellorar a súa visibilidade, así como a seguridade dos peóns e demais usuarios da vía. Xunto á alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, o concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Luis Fernández, supervisou na mañá de onte os traballos de cebreado que se estaban a realizar na rúa Campo de Puente e que se suman á trintena de pasos de peóns que se repintaron e se prevé acondicionar nos vindeiros días.

Nesa liña, o Concello de Vilalba in-

clúe no seu proxecto de mellora da sinalización horizontal, o cebreado da Rúa Cuart de Poblet, a Rúa de Abadín, a Rúa Ribadeo, a Rúa Benxamín Paz, a Rúa Mestras Amelia e Sargrario, a Avenida da Terra Chá, a Rúa Campo de Puente, a Rúa Novo Cañón, a Rúa Luis González Valdesuso, a Rúa Cidade de Viveiro, a Rúa Doutor Domingo Goás, a Rúa Castela e a Rúa Lois Peña Novo.

Unha lista á que se suma o repintado de liñas, frechas e pasos de peóns no Camiño Campo Redondo, o Camiño das Rodas, a Rúa Guitiriz, a Rúa da Emigración e a rotonda recentemente instalada nun dos cruces do Polígono Sete Pontes no que se tiñan rexistrado importantes incidentes debido ao volume do tráfico e á perigosidade da intersección.

SAMAÍN



Vilalba celebrou unha xornada de Samaín chea de actividades para os máis pequenos e as súas familias, destacando o V Concurso Pinta e Crea a túa Cabaza de Samaín. Houbo premios en dúas categorías, recoñecendo as mellores cabazas decoradas. Na infantil foron para María Díaz Barreiro, Malik Jaquín Yáñez e León Luque Blanco. Na categoría familiar gañaron José Luis Canto Seijo, María Tenreiro Ramudo e Alba Díaz Barreiro.

‘Vilalba Dona da Chaira’ será o lema da nova marca de turismo

Vilalba Dona da Chaira será o lema da nova marca de Turismo Vilalba. Así o vén de anunciar a edil de turismo María Xosé Fernández explicando que o título da obra de Manuel María será a partir de agora o que proxecte ao Concello de Vilalba no país e no estranxeiro.

Como detallou, esta promoción turística farase a través dunha nova imaxe corporativa que porá en valor a gran riqueza patrimonial, gastronómica e paisaxística, así como as citas festivas máis emblemáticas e, por suposto, o tramo do Camiño de Santiago ao seu paso pola vila e parroquias.

“Vilalba combina todos os ingredientes para ser un destino turístico de calidade e non masificado cun enorme potencial paisaxístico e natural, piares sobre os que es-



tamos a traballar desde o Concello para transformar o sector e desestacionalizarnos a oferta e para que cada vez máis visitantes veñan coñecernos ao longo de todo o ano”, declarou a concelleira.

O Concello investirá na renovación da rúa Guitiriz

O Concello de Vilalba xa ten listo o proxecto das obras para a renovación de beirarrúas, repavimentación e sinalización do tramo bidireccional da rúa Guitiriz, no núcleo urbano.

“Trátase dunha zona de moito tráfico de vehículos e tránsito peonil debido á proximidade da praza da Constitución e do centro de saúde, polo que esta actuación é moi necesaria”, explica a alcaldesa, Marta Rouco. O proxecto, cun investimento aproximado de 50.000 euros, irá pola vía de urxencia ao pleno de hoxe.

A actuación inclúe a renovación de beirarrúas, da rede de alumeadado e do pavimento da calzada. O paso de peóns existente pasará a ser sobreelevado para así facilitar o tránsito peonil.

Incrementarase a anchura das beirarrúas nos extremos da zona des-

tinada a aparcamento na marxe esquerda da vía, delimitando así o espazo de aparcadoiro e colocando dúas sobreiras que permitan mellar a estética da rúa, sen afectar ó tráfico.

Por último, colocaranse sinais verticais e procederase ó repintado das marcas viais existentes, principalmente pasos de peóns, liñas lonxitudinais de delimitación do eixe e cada carril de circulación ou as zonas de aparcamento.

A rúa Guitiriz comeza á altura do número 23 dunha das principais rúas da vila, a avenida Terra Chá, discorrendo en dirección nordés e sentido único ata o encontro coa rúa Benxamín Paz. Dende ese punto, a rúa pasa a ser bidireccional ata o encontro coas rúas Emigración, Ribadeo e Abadín, tramo no que se realizarán as obras.

Quando necesitas enerxía
limpia y accesible, **él está aquí**

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en edpenergia.es



O novo Plan de Vivenda aposta pola rehabilitación e o alugueiro

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, xunto coa edil Elena López e o decano do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Luciano Alfaya, presentaron o Plan Municipal de Vivenda das Pontes, único plan de vivenda de toda Galicia.

O plan de vivenda recolle unha diagnose da situación real do parque de vivendas nas Pontes, centrada dun xeito específico no casco urbano, en especial nas vivendas que no seu momento foron consideradas como sociais, como o caso dos poboados, tanto as construídos na etapa pre-democrática como as construídos na etapa democrática, incluíndo tamén unha pequena diagnose dos datos macro do parque xeral de vivendas no municipio.

Formoso avanzou que, seguindo as conclusións do Plan de Vivenda, está previsto poñer en marcha unha oficina de asesoramento coa fin de captar fondos públicos e privados dirixidos á rehabilitación de vivendas. O rexedor tamén indicou que “tamén se solicitará a declaración de entorno residencial de rehabilitación para os diferentes poboados residenciais incluídos neste estudo, tales como o Barreiro, A Fraga, A Magdalena, Calvo Sotelo, Santa Bárbara e o Poboado das Veigas para ser receptores de futuras axudas públicas, tal e como se propón no estudo que hoxe presentamos”.

Por outra banda, tamén fixo fincapé que o Concello está en conversas co Ministerio de Vivenda para fomentar un convenio dirixido á promoción de vivenda de alugueiro, xa que “aínda que As Pontes é o segundo concello da comarca con menos vivenda baleira, representando un 19,5% das



6.2024 vivendas que conforman o parque global de vivenda.

O plan de vivenda das Pontes é un documento moi exhaustivo e detallado, procedente dun estudo no que non só se empregaron os datos do Padrón ou do propio Instituto Galego da Vivenda e Solo, senón que tamén inclúe un intenso traballo de campo para axustarse á realidade do Concello e, deste xeito, poder avaliar as necesidades residenciais.

O decano do COAG, Luciano Alfaya explicou que este traballo, único en Galicia, céntrase nos diferentes poboados que se levantaron nas Pontes para, segundo os obxectivos da Axenda Urbana das Pontes, “repensar todas estas estruturas residenciais ligadas á industria que na actualidade mudaron pola aparición de novas tipoloxías familiares, novas necesidades de desprazamentos, novas agrupacións residenciais e novas formas de vida”

O plan inclúe un catálogo de actuacións, a curto, medio e longo prazo, dirixidas a facer destes edificios unhas construcións máis atractivas e axustadas ás necesidades actuais e

que pasan por promover a cohesión social, a saúde e a calidade de vida.

O primeiro paso para levar a cabo a elaboración do Plan de Vivenda das Pontes foi identificar os lugares onde estaba a vivenda valeira, a continuación establecer as condicións estruturais destas edificacións para seguidamente, propoñer medidas correctoras de rehabilitación, transformación e rexeneración dos diferentes bloques de vivendas e dos poboados, de forma conxunta, co fin último de promover o acceso á vivenda á poboación, especialmente á máis vulnerable, e dar resposta aos novos modelos residenciais e as novas unidades familiares e facelo desde a óptica da mellora da eficiencia enerxética.

Así, entre as medidas propostas, o Plan de Vivenda remarca a necesidade de poñer en marcha unha oficina de vivenda para asesorar á veciñanza en cada situación particular e traballar, man a man, coas comunidades de veciños e os administradores de fincas para poder levar a cabo estas rehabilitacións baixo criterios medioambientais e de saúde.

Reclaman unha solución para a falta de pediatras

O Concello das Pontes reclámalle á Xunta de Galicia unha solución urxente e inmediata para o servizo de pediatría do centro de saúde.

Nun escrito remitido á Consellería de Sanidade e á xerencia da área sanitaria de Ferrol, o Concello das Pontes pon de manifesto a situación actual na que se atopa o centro de saúde do municipio, ante a cobertura, de xeito parcial e temporal, das prazas de pediatría asignadas ao centro de saúde.

Así remarcan que “só está cuberta unha das dúas prazas asignadas e non durante todos os días da semana o que está a provocar que os menores de 14 anos da nosa vila teñan que ser derivados, en moitas ocasións, aos servizos de atención pediátrica de Ferrol ou ao servizo de urxencias da área sanitaria”. Esta circunstancia provoca que

máis de 1.000 nenos e nenas das Pontes, menores de 14 anos, teñan que ser atendidos por profesionais sanitarios sen experiencia nin formación pediátrica de ningún tipo e, no caso dos menores de tres anos, a situación aínda é máis preocupante ao verse obrigados a desprazarse a 40 quilómetros para ser atendidos por un especialista en pediatría.

Desde o Concello das Pontes remarcan que se trata “dunha situación inadmisíbel”, recordando que esta situación non é nova. “Non é a primeira vez que desde o Concello das Pontes denunciámos a perda de servizos sanitarios no noso municipio, especialmente grave cando falamos de nenos e nenas. Non entendemos a falta de interese da Xunta para articular solucións para non reforzar a atención sanitaria”.

PREMIO ESCOLAR



Alumnos do CEIP A Fraga e do IES Castro da Uz recibiron os premios do certame Atrévete a ter unha idea, unha iniciativa do Plan Eduemprende que promove o emprendemento entre os escolares. O primeiro presentou un proxecto co que reaproveitar as instalacións da antiga central térmica e o segundo a idea de negocio Túa Expresión, un espazo artístico multidisciplinar.



CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA



CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

NOVEDAD

www.corbarsll.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

O BNG reclama unha reorientación do servizo de recollida de lixo

O servizo de recollida do lixo e limpeza viaria foi contratado en xuño de 2016 a unha unión temporal de empresas da que só queda Valori-za, que comprometeu unha baixa dun 22,9% sobre do prezo inicial (as outras estaban entre o 4,5% e o 16,5%), uns 7 millóns de euros por 12 anos. Logo de dar por finalizado o contrato en setembro do ano pasado, de xeito anticipado e por acordo das partes, e mentres non se fai un novo contrato, a mesma empresa continúa a prestar o servizo, nas mesmas condicións, por un ano e medio como máximo, que foi o tempo que levou facer o anterior.

Como xa vén denunciando o BNG, a día de hoxe non se ten iniciado a tramitación do novo, o que vai supoñer que o servizo aumente o seu custe nun 22,9% dende finais de ano e durante, cando menos, outros 15 meses; é dicir, a empresa que presta o servizo vai ser premiada polo goberno municipal do PSOE cuns 10.000 euros máis ao mes.

“E trátase dunha empresa que non respectou os acordos co Concello

e que, co coñecemento e consentimento cómplice do goberno municipal, ten unha xestión de persoal represiva e contraria aos intereses locais, mantén os salarios de 2020, debe ás traballadoras uns 2.600 euros dende as festas do ano pasado, non cubre baixas, trasladou persoal a outros concellos (no San Xoán e na folga da Coruña), e non está a prestar todos os servizos, e os que atende faino de xeito moi deficiente (chega con mirar os contedores defectuosos ou rotos dende vai tempo, a sucidade no seu contorno, ...) nun incumprimento máis que evidente das condicións do contrato”, indican.

O Grupo Municipal do BNG ten solicitado unha reunión urxente dos grupos municipais co alcalde como un intento máis de reconducir a situación organizativa e de prestación do servizo, ou, pola contra, demandar do goberno municipal do PSOE a posta en marcha das medidas precisas para denunciar e rescindir o contrato actual coa empresa, o que tamén debería terse en conta na nova adxudicación.

EVARISTO PUNTES



As Pontes estreou a bancada cuberta do campo de herba artificial Evaristo Puentes, situado no Poboado das Veigas. O proxecto, cun orzamento de 97.913 euros, con cargo a fondos municipais, dá resposta á demanda dos clubs deportivos. Está situada no lateral noroeste, centrada na metade do mesmo e ocupando o espazo libre existente entre o campo e o peche.

As Pontes liderará o novo modelo de residencias da Deputación

A Deputación lanzará un innovador modelo de residencias públicas para maiores, que ofrecerá centros máis pequenos e personalizados, co obxectivo de evitar o desarraigo e a soidade das persoas maiores. Este novo enfoque, que se desenvolverá inicialmente en As Pontes, pretende ofrecer un entorno máis acoledor, similar ao fogar, e estará centrado na convivencia interxeracional e o uso de tecnoloxías avanzadas como a domótica e a telemedicina.

Valentín González Formoso, presidente da Deputación, explicou que este modelo busca romper co esquema tradicional das grandes residencias masificadas, substituíndoas por centros comarcais que permitan ás persoas maiores permanecer preto das súas familias e do seu entorno habitual. “Queremos evitar que as persoas maiores teñan que afastarse moitos quilómetros dos seus seres queridos e vivir en macrocomplejos pouco humanizados. Apostamos por



centros pequenos e próximos que lles proporcionen un trato máis persoal e humano”, sinalou.

O novo modelo será probado primeiro en As Pontes, cun centro piloto que contará con actividades abertas á comunidade e á participación do tecido asociativo local, co fin de combater o illamento. O persoal adaptará a súa atención de forma individualizada, garantindo que cada residente reciba os coidados específicos que necesita.

Unha das características máis destacadas deste novo proxecto é a súa aposta pola innovación tecnolóxica. Os centros estarán equipados con sistemas intelixentes de alumeadado, climatización, sensores de movemento e telemedicina, así como ferramentas avanzadas para a rehabilitación. Ademais, exploraranse opcións como permitir a presenza de animais domésticos e crear hortas, co fin de mellorar o benestar físico e emocional dos residentes.

A localidade contará cun novo acceso directo desde a AG-64

A Deputación da Coruña ampliará e mellorará o trazado da estrada provincial DP 7703 de Medoñas a Ponte Souto en Aparral para convertela “nun novo acceso directo ao núcleo das Pontes desde a autovía AG-64 Ferrol-Vilalba, evitando así que o tráfico teña que atravesar o polígono industrial de Airios”.

Así o anunciou o presidente da Deputación da Coruña e alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, durante unha visita á zona na que estivo acompañado polo concelleiro responsable de Obras, Infraestruturas, Medio Ambiente e Medio Rural, Roberto Rivera, e por técnicos do departamento de Vías e Obras da institución provincial.

Formoso encargou aos técnicos de Vías e Obras da Deputación a redac-



ción dun proxecto co obxecto de mellorar o trazado da estrada DP 7703, eliminando as curvas pronunciadas existentes nos primeiros quilómetros da vía e ampliando a súa plataforma ao longo de toda a estrada, o que permitirá que o tráfico procedente da autovía poda circular en

condicións de seguridade, evitando o paso pola estrada que atraveso o polígono industrial de Airios. Formoso incidiu en que estas obras darán resposta a unha antiga demanda das asociacións veciñais de Chamoselo e Aparral, así como dos empresarios instalados no polígono.



O concurso Saborea As Pontes arranca cunha nova edición

O concurso de tapas Saborea As Pontes, organizado polo Concello das Pontes en colaboración coa Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios das Pontes (Cohempo) celebra, desde o día 7 de novembro, unha nova edición.

Nesta ocasión serán 14 os establecementos hostaleiros que participarán nesta cita, consolidada no calendario de actividades propostas desde a Concellería de Turismo e Promoción Económica para dinamizar e promover un dos sectores xeradores de preto dun centenar de postos de traballo no municipio.

Este ano, ao igual que na última ocasión, o certame celebrarase durante dúas semanas consecutivas, de xoves a domingo, podendo degustar as tapas a partir do xoves, 7 de novembro e ata o domingo, 17 de novembro

As tapas serviránse os xoves e venres, de 19.30 a 23.00 horas mentres



que os sábados e domingos ampliarase o horario para ofrecer tamén as degustacións en horario matutino, de 12.00 a 15.00 horas e durante as tardes de 19.30 a 23.00 hora. O prezo das tapas será de 2,50 euros.

Ao igual que nas edicións anteriores, Saborea As Pontes repartirá dous premios entre todas as tapas do concurso. Unha Comisión de Valoración Oficial será a encargada de elixir a "mellor tapa pontesa 2024" mentres

que o xurado popular, a través do seu voto, escollerá a "tapa pontesa máis valorada polo público".

Ademais, repartiranse un único premio, de 600 euros, entre todas as todas aquelas persoas que cubran os boletos do concurso de tapas con 8 selos dos diferentes locais participantes e tres premios de 300 euros entre todas as persoas que cubran os boletos do concurso de entre 7 e 4 establecementos

Os centros educativos terán sesións sobre o uso seguro das redes sociais

A concelleira de Benestar Social e Educación, Tania Pardo, reuniuse coa dirección dos diferentes centros educativos de Primaria, Educación Infantil e Secundaria das Pontes para presentar-lles as actividades que este curso se incluírán na cuarta edición do programa socieducativo Espazo en Familia, e co que se busca abordar as distintas problemáticas e situacións propias do día a día dos e das menores, nas diferentes etapas educativas.

A oferta deste curso ten como punto de partida as suxestións e necesi-

dades dos propios centros, con talleres sobre hixiene persoal, uso das redes sociais, relacións afectivas, resolución de conflitos, alimentación saudable ou xestión das emocións, actividades moitas delas xa postas en marcha o curso pasado, con moi boa acollida.

A concelleira quixo agradecer a gran implicación dos centros educativos á hora de promover este tipo de actividades e a boa acollida xa rexistrada en edicións anteriores e animou aos centros a anotarse na oferta ideada para este curso.

Ademais do amplo programa de actividades para os centros educativos, Espazo en familia tamén reedita este curso as sesións grupais para familias e de carácter individual, dirixidas a resolver as dúbidas, inquedanzas e cuestións de cada familia sobre a educación dos e das menores.

As sesións contará co respaldo de profesionais, con experiencia en terapia familiar, educación social, psicología ou educación infantil.

Asemade, cada mes haberá unha charla aberta ao público sobre diferentes aspectos educativos.



Cambian o saneamento entre a rúa San Xoán e a ponte de Perfolla

O Concello ten previsto acometer a mellora da rede de saneamento no casco histórico do municipio, no tramo comprendido entre a Rúa San Xoán e a Ponte de Perfolla.

O proxecto, cun orzamento de 30.000 euros, ten como obxectivo prioritario dar solución aos problemas de funcionamento da rede de saneamento municipal provocados pola ruptura dunha das tubaxes que conforman dita rede.

Con tal motivo, procederá a substitución do colector que forma a rede, nun tramo de 24 metros, mediante o aloxamento en gabiá, de un tubo de PVC, na mesma posición que a tubaxe actual.

Por outra banda, en ambos extremos do novo tubo, colocaranse nos pozos de rexistro executados con formigón armado que servirán para realizar a conexión coa rede existente.

Así mesmo, rematados os traballos executarase a reposición, ao seu estado orixinal, de todos os elementos.

PEDRAFITA. Tamén ten previsto acometer a renovación do paso sobre o río Chamoselo en Pedrafita, na parroquia do Aparral, unha vez concedida a autorización necesaria por parte de Augas de Galicia.

A través desta actuación o Concello

busca solucionar os danos producidos tanto no paso existente como na vía polas fortes choivas que tiveron lugar durante o pasado inverno.

Para a reparación do paso procederá, en primeiro lugar, á demolición da estrutura existente que será substituída por unha ponte formada por unha lousa de formigón armado que será executada, in situ, servindo como taboleiro para unha estrutura que irá apoiada sobre ámbolos dous lados do leito, nos dous estribos, formados con muros do dique.

Ademais procederá á reposición do firme da estrada e a extensión dunha capa base con saburra artificial previa á extensión da capa de rodadura con aglomerado en quente.

RÚA CASILLA. Continuará tamén coa mellora de servizos e pavimentos na Rúa da Casilla, no tramo comprendido entre o cruce coa Rúa Eduardo Pondal (marxe dereita) e desde a estación de servizo ata o entronque coa Avenida das Veigas.

O proxecto, cun orzamento de 205.000 euros, con cargo á Deputación da Coruña ten como obxectivo mellorar a pavimentación das beirarrúas así como as redes de servizos de alumeado e rede de saneamento.

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com



A Feira do Queixo e Pan de Ousá gaña o premio da crítica gastronómica

A Feira do Queixo de Friol e Pan de Ousá volve estar de parabéns, xa que resultou gañadora da XLVII edición dos Premios da Crítica de Galicia da Cultura Gastronómica.

Vigo acolleu o acto de entrega do galardón deste certame, onde a feira friolesa impúxose ás outras dúas finalistas, a empresa láctea Deleite e a Asociación Pulpeiros do Carballiño, converténdose da gañadora de esta

edición.

O tenente de Alcalde de Friol e deputado Autonómico Enrique Barreiro acompañado por Paula Roca, veciña e editora da memoria presentada acerca de feira recolleron o galardón deste certame Galego.

“Parabéns a todas as nosas queixeiros panaderías que forman parte da nosa feira e parabéns a Friol”, dixo o alcalde, José Ángel Santos.

O Concello habilitou un rexistro de solicitantes de vivenda pública

O Concello de Friol, a través da súa páxina web e da Sede Electrónica, así como mediante rexistro presencial pon a disposición de posibles interesados un formulario para obter unha listaxe de todas as persoas interesadas en dispoñer de vivenda pública. A partir de hoxe estará a disposición de todas as persoas interesadas un impreso no que poder rexistrar o interese en adquirir vivenda pública, tanto en alugueiro, mediante compra ou mesmo en alugueiro con dereito a compra.

Este impreso estará dispoñible tanto dende a páxina web do Concello de Friol como dende a propia sede electrónica de dita administración pública, así como tamén se poderán

inscribir de xeito presencial nas oficinas municipais.

Poderán inscribirse as persoas físicas ou unidades familiares ou de convivencia que estean interesadas en acceder a vivendas de carácter públicas, independentemente onde residan ou traballen na actualidade e cuxa capacidade económica non supere os límites establecidos para cada tipo de vivenda, sempre que non posúen outra vivenda similar ou esta sexa inadecuada ou insuficiente para as súas necesidades. Só se admitirá unha solicitude por unidade familiar ou de convivencia, independentemente de que estea integrada por unha ou varias persoas.

Dende o Equipo de Goberno de Friol son conscientes da falta de vivenda

tanto a venda como en modo alugueiro no Concello, por tanto, optan por este método para poder obter un rexistro actualizado e real para cuantificar o número de persoas ou familias que poidan estar interesadas en este tipo de vivendas, dentro do municipio de Friol.

O alcalde, manifesta que “esta é unha medida máis dentro do proxecto que temos desde o Goberno municipal en asentar poboación no noso municipio, parécenos moi interesante, e a vez fundamental ter esta información real e precisa, porque sempre pode ser de utilidade e tamén xustificable a vez, se en algún momento sae a oportunidade de xestionar ou conseguir construír vivenda pública no noso municipio”.

A CHMS constrúe unha estación da Rede SAIH



No seu esforzo por mellorar a xestión e control dos recursos hídricos, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) dá un paso máis coa construción dunha nova estación do Sistema Automático de Información Hidrolóxica (SAIH) no río Narla, ao seu paso polo municipio. As estacións SAIH proporcionan datos, cada 5 minutos, ao Centro de Control de conca (CECU), o que facilita a toma de decisións ante situacións de risco.

Cun investimento de máis de 54.000 euros, a construción desta nova estación permitirá rexistrar e transmitir en tempo real datos hidrometeorolóxicos esenciais para a súa explotación e análise no Centro de Control de Conca (CECU).

Estas accións non só buscan mellorar a capacidade de resposta fronte a emerxencias, senón tamén optimizar o uso sostible da auga para minimizar o impacto no cambio climático e previr fenómenos meteorolóxicos extremos.

As accións realizadas co proxecto Poctep Risc_Plus están cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) a través do programa Interreg VIN A España – Portugal (Poctep) 2021-2027, que promove proxectos de cooperación transfronteiriza co apoio da Unión Europea.

O investimento previsto ascende a 54.242 euros, sufragados 40.681 a través do proxecto europeo Poctep Risc_Plus.

A ITV móbil agrícola estará en Friol ata o 3 de decembro

A unidade móbil da ITV está entre os días 13 de novembro e 3 de decembro en Friol para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. Estará instalada no mercado gandeiro.

As revisións faranse de 9.00 a 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas agás os venres (15, 22 e 29) e o último día, que será só en horario de mañá.

Para participar é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 309 000 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

Curso sobre acoso escolar e ciberacoso

O Concello de Friol organiza un curso dirixido a abordar as problemáticas do acoso escolar e o ciberacoso. O evento terá lugar o próximo 15 de novembro de 2024 no centro sociocultural, entre as 16:00 e as 22:00 horas. Esta formación está acreditada por Grupo Forma e Afammer (Asociación de Familias e Mulleres do Medio Rural) da provincia de Lugo.

Para asistir ao curso, é necesario realizar a inscrición no concello de Friol ou no teléfono 982 375 001.

RUTA DO GDR



Iniciouse con gran éxito en Friol a segunda edición do ciclo de xornadas viaxeiras Descubrindo a Comarca de Lugo e as Terras da Ulloa, que organiza o GDR. 133 persoas de Canadá, Arxentina, Colombia, Marrocos, Portugal, Cataluña, Euskadi, Madrid, Asturias, Vigo, Nigrán, Arcade, Ponteareas, Compostela, Muxía, A Coruña, Foz, Ribadeo, Lugo, Friol e moitas outras procedencias achegáronse para descubrir o patrimonio friolés.



O centro colaborativo de Friol acolleu a presentación da guía turística interactiva elaborada pola entidade xestora do Xeodestino comarca de Lugo e Terras da Ulloa, coa finalidade de poñer no mapa turístico da provincia este territorio formado polos concellos de Antas de Ulla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Monterroso, Outeiro de Rei, Palas de Rei, O Páramo e Rábade.



zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Baixo
27800 Vilalba (Lugo)
Tel. 982516150

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA

ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL

Novas oficinas:
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba

Tel 982 523 649 – 982 523 601
619 41 53 56 – 650 61 12 60

ALÉN

Friol contará co primeiro centro de atención integral do autismo

O alcalde fixo unha valoración da relevancia desta infraestrutura na vila

Friol vén de recibir unha das noticias máis relevantes dos últimos anos: a conselleira de Política Social, Fabiola García, anunciou a construción do primeiro Centro de Atención Asistencial e Residencial para persoas con autismo en Galicia. Este proxecto, pioneiro en España, representará un avance importante na atención ás persoas con trastornos do espectro autista e contará con 48 prazas.

O centro, que será construído nunha parcela cedida polo Concello na Rúa do Carballal, suporá un investimento inicial de 4,2 millóns de euros e terá unha superficie útil de aproximadamente 3.200 metros cadrados distribuídos en catro plantas. Ademais de ofrecer espazos de residencia, incluírá talleres, aulas, e zonas de recreo. Segundo o proxecto, o soto acollerá os servizos comúns, como a cociña, a lavandería, os vestiarios do persoal, o garaxe e as salas de instalacións. No piso baixo, instalaranse os talleres, unha aula de psicomotricidade, salas de reunións, a área de administracións e a direccións.

As dúas plantas altas do inmoble acollerán tres módulos autónomos de oito persoas en cada caso en cada unha das plantas. Algúns dos módulos utilizaranse como respiro familiar. Ademais, a área exterior será especialmente acondicionada para fomentar a integración coa natureza. O alcalde, José Ángel Santos explica como será este centro e as repercusións que terá en Friol.

Como recibe a Alcaldía a noticia da construción da nova residencia?

Con satisfacción e con ilusión, asentar este Centro Piloto Asistencial e Residencial para persoas con Autismo no noso municipio para Friol é unha gran noticia, non só por ter un centro de estas características,

senón por todo o que vai significar para Friol e para a provincia en xeral, así como destacar a relevancia e importancia que vai supoñer un servizo de esta embergadura para esa parte da sociedade tan necesitada de recursos públicos e tan merecedora de apoio ilimitado por parte das administracións públicas. Por tanto, desde a Alcaldía recibimos este proxecto cos brazos abertos e moi ilusionados por ter Friol en breve un servizo fundamental e básico para todas as familias de Galicia que teñen membros con este tipo de problema. Cremos que con este proxecto en funcionamento marcará un antes e

“Para Friol suporá un avance imporante no eido social, que poñerá ao concello no epicentro dos servizos sociais”

un despois para o noso municipio, en moitos aspectos, por suposto no social, pero tamén no laboral e no plano económico.

Pode avanzarnos os tempos que se manexan para esta obra?

Os tempos que se manexan para esta obra non dependen do Concello, dado que é unha xestión directa da Consellería de Política Social, o que si lle podo asegurar é que vai ser rápida, polos prazos que teñen para xustificar a execución das unidades de obra do proxecto.

Que repercusións terá para Friol esta infraestrutura?

Para Friol suporá un avance impor-

tante no eido social, poñerá ao noso municipio no epicentro dos servizos públicos de carácter social e particularmente incluso no ámbito nacional seremos un concello cun centro especializado en autismo innovador e con servizos que a día de hoxe non existe, por tanto, seremos coñecidos en parte por este proxecto. A parte da repercusión especializada, tamén de maneira importante vai influír na mentalidade dos veciños e veciñas do municipio, algo que debemos de ter moi en conta e valorar de maneira positiva, podo asegurar que cando este funcionando con usuarios, a forma de ver a vida os friolenses será doutro xeito, cambiará o día a día do pobo, sobre todo socialmente, conseguiremos unha mentalidade máis aberta e máis colaborativa si cabe, algo que no futuro lle imos agradecer a este centro. E por suposto, grazas a este proxecto, Friol será un polo de atracción para crear ao carón de este centro diferentes negocios de distintos sectores que crearán sinerxías entre todos eles, debido ás necesidades e demandas que van saír dos usuarios, o que supón un crecemento socioeconómico evidente.

Por que se escolleu Friol?

Desde o noso concello sempre tentamos facilitar e fomentar a creación de servizos para o pobo, e este proxecto desta índole era unha oportunidade importante que non podíamos deixar escapar. Tiñamos unha finca que se axeitaba e un lugar propicio para poder construír e poñer en funcionamento este centro que será un referente. Ademais da boa situación que ten o noso concello dentro da nosa Comunidade. Tamén quero agradecer o compromiso e a sensibilidade desde o primeiro momento do presidente da Xunta



e da conselleira Fabiola García, que tiveron por implantar este proxecto punteiro en Galicia e en España, e por suposto agradecer a aposta decidida por facelo realidade no meu concello, un servizo novidoso, moi demandado e necesario para unha parte da sociedade tan merecedora e tan agradecida, coa finalidade de mellorar o día a día de todos eles.

Fálenos un pouco do lugar escollido para situala.

A localización escollida é unha parcela situada na rúa Carballal, integrada na capitalidade do municipio, algo que favorecerá que os usuarios se integren todo o posible no pobo, que sexan máis cómodas e fáciles as posibles saídas das persoas usuarias, e que o pobo estea en contacto co centro e coas persoas que viven nel e viceversa. Con esta localización queremos favorecer a integración de todo o complexo e usuarios no día a día do pobo; usuarios, empregados, etc... Ademais, a parcela conta con todos os servizos municipais, acceso rodado, beirarrúas e subministra-

ción, polo que facilita moito a construción do edificio e a súa posta en funcionamento. Por outra banda, o equipamento que se vai levar a cabo necesita unha especial vinculación coa natureza e a paisaxe natural debido ás necesidades das persoas que van residir no mesmo, e esta parcela tamén conta cunha parte que se axeita perfectamente a isto.

Temos algún dato máis de como vai ser, quen a vai xestionar?

A entidade sen ánimo de lucro encargada de xestionar o funcionamento do Centro será Aspanaes, fundada en 1979 co fin de dar atención a persoas con trastornos do espectro autista (TEA). A Consellería de Política Social e Igualdade acaba de formalizar o convenio de colaboración con este colectivo, unha asociación considerada como a mellor na xestión, tratamento e seguimento das persoas con autismo de España, por tanto, para Friol, tamén é un orgullo saber que este centro estará xestionado polos mellores profesionais posibles.

CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

Implantes Dentales

Cita Previa:

982 228 428 · 608 938 993



Camiño Real, 36-38 Entlo · 27004 Lugo

www.clinicadentaltest.es



rábade

Celebrarán un curso sobre solo pélvico o día 12

O servizo de prevención de condutas aditivas da agrupación de Concellos de Begonte, Castro de Rei, Friol, Outeiro de Rei e Rábade organiza unha formación sobre o solo pélvico en Rábade dirixido á poboación en xeral.

Esta actividade enmárcase no programa do servizo denominado Boa Saúde, dirixido a promover hábitos saudables entre a poboación dos distintos concellos. Desenvolverase o día 12 de novembro, de 16.30 a 19.00 horas no centro sociocultural.

A formación ten como obxectivo mellorar a información e comprensión dos cambios evolutivos na muller e previr enfermidades propias do colectivo feminino. A docente será Cristina Ouro Núñez, matrona do Complexo Hospitalario de Lugo (Escola Galega de saúde para cidadáns), quen fará tamén unha sesión práctica.

O prazo de inscrición remata o 8 de novembro, a través da web da escola galega de saúde ou directamente a través deste enlace.

Charlas na Casa das Insuas de produtores responsables

A Casa das Insuas acolle unha serie de encontros titulados Parladoiros con produtores responsables que coidan da terra, organizados pola Asociación Galega de Custodia do Territorio. Estas xornadas, que se desenvolverán ata decembro, teñen como obxectivo destacar a importancia dos produtores locais comprometidos co coidado do medio.

A segunda cita está programada para o 23 de novembro, coa intervención de Concha (Casa Bértolo) e Joan (La Cabreta), tamén acompañada dunha degustación de produtos locais. Finalmente, o 21 de decembro, será a quenda de Quico (Veiga de Luaces), Lito (MVMC de Carballo) e Toño (Casa Codesal), que pecharán o ciclo de parladoiros.

OBRAS NO CENTRO



O alumnado do obradoiro de emprego Cumes da Terra Chá VII rematou estes días os traballos na primeira metade da rúa Coronel Andrade de Rábade facendo as beirarrúas e dotando a vía de saneamento, luz, auga e demais servizos. O taller de emprego está formado por 13 alumnos e alumnas, 5 deles do mesmo Concello de Rábade.

A auga da ETAP de Quintela volve ser apta para o consumo humano

Segundo as últimas análises realizadas na auga da rede de abastecemento da ETAP de Quintela, esta é agora apta para o consumo.

Esta rede de abastecemento subministra ás parroquias de Pacios, Outeiro, Bazar, Coea, Quintela, Bendia, Matodoso, Triabá, San Xiao de Mos, Ribeiras de Lea, Castro de Ribeiras de Lea, Duarría, Loentia e Mondriz. Con este aviso, deixan de aplicarse as recomendacións establecidas o 28 de agosto de 2024. Polo tanto, a auga pode ser consumida con seguridade, tanto para beber como para cocinar. En agosto detectáronse incumprimentos paramétricos

na calidade da auga foron polas autoridades sanitarias, seguindo o requirimento da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade de Lugo. Trátase dos parámetros de arsénicos, que daban un pouco altos pero que agora xa están en cifras normais. O alcalde avanzou que xa se iniciaron os trámites para un proxecto de reforma da ETAP, co obxectivo de instalar filtros exclusivos de arsénico que eviten que estes valores podan volver elevarse. O Goberno galego comprometeuse co alcalde a asumir o financiamento deste proxecto, que ten un custe estimado de entre 300.000 e 400.000 euros.

Pola súa banda, O PSdeG-PSOE manifestou o seu malestar e preocupación pola falta de transparencia e a deficiente xestión informativa por parte do goberno municipal en relación aos problemas da auga potable no concello, que levan meses afectando á veciñanza e poñendo en risco a súa saúde. Esta semana o Concello avisou de que a auga é potable tras semanas sen información. Alertan de que desde o pasado mes de agosto, a veciñanza recibiu unha única comunicación oficial onde se recomendaba non consumir a auga durante seis días debido ao alto contido de arsénico detectado.

Organizan no Castro de Viladonga un obradoiro sobre remedios naturais

O Museo do Castro de Viladonga anunciou a apertura do prazo de inscrición para o obradoiro A botica no castro de Viladonga, que terá lugar o sábado 9 de novembro de 2024 de 11:00 a 14:00 horas. A actividade estará dirixida por Lola Tourón Río, quen guiará aos participantes na elaboración de remedios naturais inspirados na tradición galega.

O obradoiro, cun máximo de 20 prazas dispoñibles, permitirá aos asistentes descubrir técnicas e coñecementos antigos sobre herbas medicinais e outros produtos naturais, fomentando así a conservación da cultura e tradicións locais.

As persoas interesadas poden inscribirse chamando ao número 982 87 01 60. A selección dos participantes realizarase por orde de inscrición, polo que se recomenda anotarse canto antes.

En próximas datas impartiranse outros cursos como cestaría de veras, construción de paramento con palla-barro, cestaría de colmo e téxtiles.

EN BREVE



GALIÑA DE MOS. A parroquia de S. Xiao de Mos acolleu a celebración da décimo terceira edición da Expo-degustación, organizada pola Asociación de Avicultores da raza da Galiña de Mos (Avimós) e máis a asociación de veciños de S. Xiao. Trátase dunha feira que visualiza a parte rural de Castro de Rei, tan necesaria para pór en valor o rural, convertendo a crianza desta raza en algo fundamental para a economía local.



SANIDADE. O BNG volve concentrarse coa veciñanza das parroquias afectadas polo peche do consultorio de Castro de Rei. O consultorio de Castro de Rei segue pechado e a veciñanza das parroquias afectadas teñen que desprazarse ata Castro Ribeiras de Lea para ter atención médica e agora ademais neste centro de saúde non teñen atención pediátrica.



castro de rei

A Deputación fará unha granxa de porco celta na Gayoso Castro

A Deputación provincial licitará antes de final de ano a construción da granxa de porco celta por 1,057 millóns de euros. O mandatario provincial cumpre así co seu compromiso de dotar á provincia dun servizo público que, segundo explicou, será “fundamental para o futuro do noso sector primario” e “decisivo na formación dos profesionais que serán os encargados de velar pola saúde animal e a sostibilidade da nosa ganadería”.

Detallou que está previsto que a Deputación licite os traballos antes de que remate o ano, para podelos adxudicar no primeiro trimestre de 2025, “coa ambición de que esta granxa de porco celta estea en pleno funcionamento no ano 2026”.

“Esta nova granxa nace como un espazo de formación, que conectará a teoría e a práctica, permitíndolle aos estudantes da Facultade de Veterinaria e aos Enxeñeiros Agrónomos da USC do Campus Terra realizar prácticas formativas de gran valor”, destacou Tomé Roca, que engadiu que servirá tamén “para seguir traballando para que a Facultade de Veterinaria supere as inspeccións eu-



ropeas e manteña un alto posto no *ránking* de Shangai como as mellores do mundo. A formación práctica é esencial para que os nosos futuros profesionais adquiran as competencias necesarias para facer fronte aos retos que presenta o sector nun laboratorio vivo”, argumentou.

Cunha capacidade máxima de 24 porcas de cría e 5 porcos reprodutores, as instalacións que se situarán no complexo da finca Gayoso Castro que a Deputación de Lugo ten en Castro de Rei e terán unha superficie edificada de máis de 1.000 m² e consistirán nun espazo “multifuncional” que incluírá unha nave de produción, zona de corentena, aulas,

vestiarios e almacenaxe.

A nave de produción será a estrutura principal da granxa, onde se desenvolverá a maior parte da actividade. A nave dividirase en distintos módulos que separarán as diferentes etapas da produción. Haberá unha zona de corentena, unha área separada para illar os animais en caso dalgunha enfermidade. Na Granxa haberá tamén aulas, vestiarios, 4 silos para almacenar alimento, depósitos de auga, grupos electrógenos, unha fosa de xurro, ademais de pistas para comunicar as diferentes zonas e os correspondentes peches perimetrais do recinto.

O BNG reclamará axudas para o sector agrogandeiro polos efectos da Kirk

A deputada Montse Valcárcel visitou unha explotación en San Xiao de Mos afectada polo paso do temporal Kirk. Segundo explicou, o millo é un dos alimentos básicos para a alimentación do gando, polo que a inundación dos campos que tivo lugar polo paso do temporal fixo que as explotacións gandeiras non puideran levar adiante a recollida deste cereal co que leva a aumentar o gasto na compra de pensos e outras forraxes. Estas inundacións tamén levan consigo que os terreos inundados non poidan volver sementar a herba o cal produce tamén a diminución de herba para o ensilado. E o terceiro problema que provoca este temporal é a xustificación que os gandeiros precisan facer pola rotación das terras de millo algo obrigatorio para obter os pagos da PAC, e que se non fan vánselle ver recortadas esas axudas. Anunciou que “levaremos ao Parlamento iniciativas para que se lles axude ao sector agrogandeiro a paliar os custos de non ter nin millo nin herba para o seu gando”.

A CHMS investiu máis de 172.000 na limpeza dos ríos Anllo e Azúmara

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil finalizou os traballos de limpeza de leito e marxes dos ríos Azúmara e Anllo, ao seu paso polos municipios lucenses de Castro de Rei e de Cospeito. Estas actuacións, incluídas na programación de conservación do Dominio Público Hidráulico (DPH) dos ríos da Demarcación Miño-Sil neste ano, supuxeron un investimento de 172.000 euros.

Procedeuse á retirada de árbores secas, en pé ou caídos sobre o leito, ademais elimináronse os elementos arrastrados pola corrente obstructores do leito. Estas actuacións executáronse de forma manual no leito e con apoio de maquinaria desde o exterior do mesmo con cabrestante desde un punto fixo situado na beira ou marxe.

Así mesmo, realizáronse rozas selectivas de matogueira perimetral, poda e clareo de ramas baixas, co obxectivo de mellorar a composición da vexetación de ribeira.

Unha brigada composta por 4 operarios especializados e un capataz, traballaron no río Azúmara, ao seu paso por Castro de Rei, durante 44 xornadas laborais. Estes traballos executados ao longo de 6km de leito, melloran a capacidade hidráulica do río e da composición da vexetación de ribeira.

No río Anllo, ao seu paso por Cospeito de Castro de Rei, 5 operarios traballaron durante 78 xornadas en máis de 7,1 km de leito. O tramo de actuacións que incluía algunha zona con protección de Rede Natura 2000, contaba coa correspondente autorización da autoridade ambiental e os traballos executáronse conforme ás recomendacións que evitan afeccións negativas aos lugares catalogados. “Desde a CHMS traballamos para que os cidadáns gocen e valoren a riqueza natural que forman os ríos e o ecosistema que os sustenta, coñecer para valorar, este é o obxectivo”, concluíu o presidente.



JRoca
INMOBILIARIA



ROCA & PRADO
ABOGADOS

<p>Calle Lameirón, Vilalba Terreno / Urbano (solar) 650m² 90.000€</p> <p>Se vende solar edificable con 12,65 metros de fachada. La edificabilidad es bajo más 3 plantas más ático. También es posible rehabilitar las viviendas existentes en el frente del solar y hacer una vivienda unifamiliar con terreno a la espalda.</p>
<p>Penelas, Vilalba Terreno / Urbano (solar) 288m² 52.000€</p> <p>Se vende solar de 8 metros de frente a la calle Penelas y ocho metros de frente a la Travesía del Chalet de Crespo en la parte trasera. Su edificabilidad es bajo y tres alturas, con un mínimo de bajo y dos alturas.</p>
<p>Calle Freires Mourence, Vilalba Casa / Chalet independente 4 Dorm 1 Baño 250m² 300.000€</p> <p>En la salida de Vilalba (Lugo), en dirección Ferrol, ofrecemos en venta una propiedad de unos 8.495 metros cuadrados, en la que está enclavado un chalet de unos 250 metros cuadrados, que se distribuye en tres plantas: planta baja o sótano destinado a garaje de unos 122 metros cuadrados, planta alta a nivel de la calle de 131 metros cuadrados y planta bajo cubierta, actualmente destinada a trastero. A mayores en la finca es posible segregar parcelas de 500 metros edificables. La propiedad tiene buena ubicación; pues, está situada a menos de 1 km del centro del pueblo, tiene cerca una playa fluvial y la A-8 se puede coger aproximadamente a 1 km de la casa.</p>
<p>Calle Xosé María Chao Ledo, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 110m² 78.000€</p> <p>En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta un piso céntrico, de tres dormitorios y sala, dos baños y cocina. La vivienda dispone de calefacción individual a gas, ascensor y un trastero.</p>
<p>Campelos, Vilalba Finca rústica 7 Dorm 2 Baños 380m² 340.000€</p> <p>En la parroquia de Carballido, municipio de Vilalba (Lugo), se vende vivienda rústica, de unos 380 metros cuadrados, repartidos en dos plantas y bajo cubierta. En la planta baja está la cocina, la sala, un baño y el garaje; en la planta primera, hay siete habitaciones y un baño y el bajocubierta tiene unos 80 metros cuadrados corridos. A mayores, en la finca hay un alpendre de unos 86 metros cuadrados y un horreo.</p>
<p>LU-861 13, Vilalba Terreno / Urbano (solar) 1,177m² 25.000€</p> <p>En el Carrizo, parroquia de Santaballa, municipio de Vilalba (Lugo), se vende parcela edificable, en la que se puede hacer una vivienda unifamiliar de planta baja y piso.</p>
<p>Mondoñedo s/n, Vilalba Terreno / Urbanizable 382m² 5.000€</p> <p>En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende parcela de 382 metros cuadrados, con unos 11 metros fachada a calle con acera. La parcela se encuentra en estudio de detalle.</p>
<p>Ribadeo, Vilalba Casa / Chalet adosado 5 Dorm 2 Baños 184m² 118.000€</p> <p>En Vilaba (Lugo), en zona centrica, se vende vivienda unifamiliar, de planta baja y piso. La vivienda tiene placa y puede dividirse en dos viviendas, ya que en ambas plantas hay cocina y baño. Necesita reforma.</p>
<p>Calle Cidade de Viveiro 1, Vilalba Local 140m² 85.000€</p> <p>En Vilalba (Lugo), se vende entreplanta de 133 metros cuadrados útiles, dividido en varias estancias y con dos aseos instalados. Está acondicionado como academia. Dispone de calefacción de gas ciudad y es muy luminoso ya que tiene muchas ventanas a la calle, al ser un local en esquina. Esta situado al comienzo de la calle Ciudad de Viveiro, cerca del Mercadona.</p>

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal

Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfños.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

Chega a quinta edición de Receitas de Outono con poesía

Chega o outono e, con el, a quinta edición da actividade Receitas de outono con poesía, organizada polo Concello de Guitiriz a través da Biblioteca Pública Municipal Casa Habanera xunto co servizo de Educación Familiar.

O obxectivo desta iniciativa é que cada persoa participante saque o cociñeiro, cociñeira, escritor ou escritora que leva dentro, poñendo en valor os produtos de outono á vez que se dinamiza a lectura e a escritura.

As persoas que desexen participar deben: elaborar unha receita con algún produto de outono (castaña, noces, cogomelos, cabazas, uvas...), sacarlle unha foto e pensar un nome para ela e, por último, redactar un poema orixinal coas seguintes condicións: a temática do poema é o outono, a extensión será de mínimo 4 versos (1 estrofa) e máximo 16 versos (4 estrofas). A foto e o poema deben enviarse ao correo biblioteca@concellodeguitiriz.com, incluíndo sempre o nome da receita. O prazo para participar está aberto desde o 17 de outubro ata o 17 de novembro. A actividade divídese por categorías: infantil (de 3 a 12 anos) e xuvenil/adulto (de 13 a 105 anos). Admítense dúas receitas/poemas por cada participante. Un xurado escollerá a receita/poema máis creativa, valorando a conexión entre as dúas. Rematado o prazo publicarase nas redes sociais do Concello de Guitiriz a receita/poema gañadora, así como as receitas/poemas participantes. A receita/poema gañadora en cada categoría recibirá un agasallo, que será entregado na Casa Habanera.



40 persoas participaron no Btteando por Guitiriz organizado tralo verán

Ata 40 persoas participaron na ruta do Camiño Real por San Salvador o pasado domingo, 13 de outubro, na que foi a sexta saída do programa Btteando por Guitiriz, organizado polo Concello e o Club Btteiros Cova da Serpe.

Tratouse da primeira proba despois da pausa estival e, unha vez máis, a cita conseguiu reunir a varias decenas de persoas, que puideron gozar dun percorrido de 20 quilómetros pola contorna da capela de Bascuas e polo Camiño Real, na parroquia de San Salvador.

Aínda que á primeira hora a néboa foi protagonista, finalmente o ceo terminou despexándose e os participantes puideron gozar da ruta, que deu comezo ás 10:00 horas na capela de Bascuas, mesmo punto onde concluíu o percorrido.

Ademais da ruta, os participantes tamén puideron escoitar a Don Alfonso Blanco Torrado na capela, quen explicou a historia e os detalles do edificio.

Por outra banda, a volta do programa Guitiriz en Ruta reuniu o

pasado domingo 27 de outubro, a 17 participantes na andaina *Camiónando entre provincias*. Constou dun percorrido circular de 13,5 quilómetros polo monte de Santa Mariña entre as provincias de Lugo e A Coruña.

A saída realizouse desde a igrexa de Santa Mariña ás 10:00 horas, mesmo punto onde finalizou a andaina. Os participantes gozaron dun percorrido que atravesou os concellos de Guitiriz, Curtis e Aranga.

Ao inicio da ruta visitaron a igrexa de Santa Mariña e os seus arredores, parando tamén no monólito en homenaxe aos irmáns da Lexía. Ademais, o cura da parroquia, Alfonso Blanco Torrado, recibiu aos sendeiristas e faloulles sobre a parroquia, contando a historia da fosa común que se escavou nese lugar e tamén a historia dos irmáns da Lexía.

A andaina discorreu con total normalidade durante a soleada mañá de domingo, na que os participantes gozaron dunha climatoloxía moi agradable.

A ANPA do colexio Lagostelle protesta polo servizo de comedor

A ANPA do CEIP Lagostelle de Guitiriz manifestou o seu "malestar e preocupación" por unha situación que se repite no tempo no servizo de comedor do colexio ante a non cobertura das ausencias/baixa do persoal de cociña.

"Situación que non é nova para o alumnado usuario do servizo do comedor xa que no curso pasado 2023/24 sucedeu o mesmo, non se cobren as ausencias da cociñeira, nin das axudantes de cociña, tampouco as que son programadas e se coñecen con antelación suficiente, como por exemplo unha cita médica. Estes días os nenos comen un menú improvisado que organizan ás présas dende o Centro. Hai que agradecerlles o esforzo que fan para que polo menos os nenos te-

ñen algo que comer", explican. Aínda así preguntan á Xunta se "pizza ou empanada e embutido é comida adecuada para as nosas crianzas? onde quedan as recomendacións do Plan Xermola para alimentación en escolares que publicitan nas súas páxinas web? A caso é todo papel mollado para que pareza que facemos pero a non facemos nada?", engaden.

"Non queremos que esta situación se repita como vén acontecendo ultimamente, e solicitamos a Consellería que cubra en tempo e forma ditas ausencias para que os nosos nenos reciban sempre un menú equilibrado e saudable, por que a este paso no cole de Guitiriz só nos quedará xantar Torta de Millo", conclúen.

Guitiriz contará cun novo Torneo de Parchís o día 9

O Concello de Guitiriz abriu o prazo para anotarse no II Torneo de Parchís Concello de Guitiriz, que se celebrará na Biblioteca Casa Habanera o sábado 9 de novembro.

As inscricións estarán abertas ata o 7 de novembro e pódense formalizar na Biblioteca Casa Habanera, tanto de xeito presencial como chamando por teléfono ao 982 370 062. As prazas son limitadas. O torneo celebrarase de 17:15 a 19:15



horas e está aberto a todas as idades, aínda que os menores terán que ir acompañados dunha persoa adulta.

RESTAURANTE PARRILLADA

O'Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

BOSCH Service

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Reparaciones Carlos, s. l.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com

Xosé Manuel Felpeto presenta en Guitiriz o seu último libro

A Biblioteca Casa Habanera acollerá o 16 de novembro a presentación do libro *Branco xiz tirando a negro*, do autor xermadés Xosé Manuel Felpeto Carballeira. O acto dará comezo ás 19:00 horas e conta con entrada de balde sen necesidade de reserva previa. Na presentación acompañarán ao escritor o concelleiro de Cultura, Ramón Rivas; o coordinador da Asociación Xermolos, Alfonso Blanco, e o mestre Juan Carlos Vivero. Xosé Manuel Felpeto é un escritor nacido en Cabreiros en 1961. Leva presidindo a AV de Cabreiros desde o 1997, sendo promotor e coordinador de eventos socio-culturais.

Muras celebrará o día 17 a novena Feira do Mel de Montaña

O concello de Muras acollerá o vindeiro 17 de novembro unha nova edición da Feira do Mel, a que será novena. Para esta ocasión, o Concello deseña o seu programa de actos que se presentará en breve.

O que si xa abriu foi o prazo de inscrición para a VIII Cata de Mel, un evento que destaca a calidade dos meles da zona e fomenta a tradición apícola local. A cata está aberta a apicultores con explotacións no concello de Muras, e establece un límite de 15 mostras, que serán admitidas por orde de entrega na Casa do Mel de Goente-As Pontes.

A Casa do Mel será a encargada de etiquetar cada bote cun número, que será vinculado a un sobre pe-



chado cos datos do produtor. Estes sobres permanecerán gardados ata o anuncio do mel gañador, asegurando así a imparcialidade do proceso. Nesta edición, entregaranse tres galardóns: dous para os mellores me-

les de montaña e un terceiro para o mellor mel monofloral de breixo, que deberá contar cun mínimo do 45 % de pole de breixo para ser considerado nesta categoría.

A Casa do Mel levará a cabo análises detalladas das mostras, avaliando factores como cor, humidade, conductividade, HMF e predominancia de pole. Ademais, valorarase a limpeza e o proceso de decantación dos meles presentados.

A cata contará cun presidente ou presidenta e un secretario ou secretaria, que dirixirán o proceso de avaliación. Os e as catadoras puntuarán cada mostra cunha nota de 0 a 5, empregando unha ficha específica proporcionada pola Casa do Mel.

Remata a rehabilitación e mellora enerxética da escola do Viveiró

O Concello de Muras rematou estes días as obras na escola rural do Viveiró, que forma parte do plan de actuación que se levará a cabo cos cartos do Fondo de Compensación Ambiental durante o presente ano e que teñen un orzamento total de 506.083 euros.

Realizaron unha reforma cun orzamento de 59.073 euros e na de Silán de 38.258 euros. Nos dous casos trátase de accións de mellora da eficiencia enerxética con renovación de fiestras, cerramentos e pintado.

A escola do Viveiró é un edificio de propiedade municipal destinada a usos múltiples para os veciños, así



como para a celebración de actividades do Concello. É un edificio dun andar de planta rectangular e cuberta de lousa a dúas augas. As carpinterías eran de aluminio de cor vermello sen rotura térmica e

con persianas aloxadas en caixón de madeira. Cambiaron as ventás, de tipo corredizo, por outras de RPT, así como o cambio da fontanería interior. Remataron co pintado e selado de fendas das fachadas.

Estudan a posibilidade de crear na vila unha comunidade enerxética

O Concello de Muras celebrou unha reunión aberta á veciñanza para tratar a posibilidade de crear unha Comunidade Enerxética no municipio. O encontro contou coa participación do alcalde, Manuel Requeijo Arnejo, e de Xavier Simón, experto da Universidade de Vigo, quen explicou os beneficios deste proxecto e respondeu ás dúbidas dos asistentes.

Nesta reunión falou-se da situación enerxética do concello, así como de como producir enerxía de forma colectiva, destacando as vantaxes de organizarse para reducir os custos enerxéticos e mellorar a sustentabilidade local. Ademais,

abordáronse as formas xurídicas dispoñibles para levar a cabo a produción comunitaria de enerxía.

Esta iniciativa representa un paso máis na aposta de Muras por un modelo enerxético sostible que fomente a autosuficiencia e a cooperación veciñal en beneficio do rural galego.

Ademais, o alcalde Muras participou na Cidade da Cultura de Galicia nunhas xornadas para falar sobre políticas públicas e enerxías renovables. O rexedor volveu poñer en valor o caso de Muras, exemplo de política pública e colaboración multinivel na xestión das facturas da luz.

XANTAR



O concello de Muras participou por primeira vez en Xantar, unha das feiras internacionais de turismo gastronómico máis importantes de Galicia, que se celebra na Fundación Expourense. Muras contou cun stand propio en colaboración con Puraga, onde promocionaron dous dos seus produtos estrela: a carne de poldro e o mel de montaña.

MOBELRIAS

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
Especialistas en moble modular e agora tamén
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

PLAMOBLE

REMATEXPRESS
Liquidaciones Warehouse

LIQUIDACIONES

amazon
TEMU
AliExpress
SHEIN
PAQUETES SORPRESA

RÚA PLÁCIDO PEÑA, 30. 27800 VILALBA, LUGO
645 347 848 - WWW.REMATEXPRESS.ES



Guitiriz aposta polo futuro

Completou unha serie de melloras nos equipamentos máis destacados que teñen como finalidade fixar a poboación

O Concello de Guitiriz apostou polo desenvolvemento de infraestruturas cruciais para a mellora da calidade de vida dos seus veciños e veciñas, o que lle permite tamén fixar a poboación.

Nestes últimos anos desenvolvéronse unha serie de actuacións en distintos ámbitos, todas elas moi demandadas.

NOVA ESCOLA INFANTIL

O Concello de Guitiriz xa conta con Escola Infantil Municipal, unha infraestrutura moderna que permite dar resposta á actual demanda de prazas que non podía cubrirse coas instalacións do antigo Punto de Atención á Infancia (PAI).

As novas instalacións permitiron aumentar a capacidade, resolvendo así o déficit existente para ese tramo de idade e eliminando as listas de agarda. Actualmente, a escola conta con 30 inscritos, distribuídos en

A escola conta con 30 inscritos, distribuídos en dúas unidades: unha de 15 nenos de 2-3 anos e outra de 15 nenos de 0 a 3 anos

dúas unidades, unha de 15 nenos e nenas de 2-3 anos e outra con outros 15 nenos e nenas de 0-3 anos. A escola podería chegar a ter ata 35 nenos desfrutando dunhas instalacións completamente equipadas.

Marisol Morandeira indicou que “esta é unha moi boa nova para Guitiriz e un proxecto importantísimo” xa que “era urxente que puidésemos contar con máis prazas porque a demanda era superior á nosa

capacidade”. “Actuacións deste tipo contribúen a que a xente poida seguir vivindo nos municipios máis rurais e este é un dos principais obxectivos que desde o grupo de goberno queremos conseguir a través das nosas políticas”, afirmou.

A rexedora quixo lembrar que “finalmente tivemos que acometer esta gran obra sen o total da axuda comprometida no ano 2019 por parte da conselleira de Política Social, Fabiola García”. “A aportación que fixo a Xunta é moitísimo menor ao que se nos prometera no seu momento, por iso nos decidimos a completar a obra con fondos propios”, precisou.

O proxecto de transformación do PAI en Escola Infantil, xa remata-

do, contou cun orzamento total de 367.780,25 euros e estivo sufragado con fondos municipais, cunha subvención de 92.780,25 euros dos fondos Next Generation da Unión Europea a través do Goberno Central e cunha axuda da Xunta de Galicia de 45.000 euros.

A actuación levada a cabo permitiu crear un novo edificio, anexo ao que era o do antigo PAI, que conta cunha estética moderna, ademais de estar dotado de espazos amplos e luminosos. Neste módulo sitúase a entrada principal, á que se accede por unha pasarela accesible, dúas grandes aulas, dous aseos de nenas e nenos

e a zona de descanso para os máis pequenos.

O antigo edificio do PAI, que está comunicado directamente co novo volume, alberga a cocíña, o comedor, un aseo adaptado, os vestuarios, a sala de usos múltiples e o despacho de dirección. Nesta zona os traballos centráronse en actuar sobre a envolvente para mellorar a súa eficiencia enerxética. Así, executouse un illamento exterior en fachada e substituíuse o material de cuberta por outro que proporciona un maior illamento.

MODERNIZACIÓN DA ETAP

A mellora da calidade da auga da rede de abastecemento do núcleo de Lagostelle, unha cuestión que afectaba claramente á veciñanza no seu día a día foi unha das preocupacións importantes para o Concello, que levoulle a elaborar unha estratexia con diferentes accións para solucionar os episodios de turbidez que sufrían os fogares logo de numerosos intres nos que a concentración de ferro dos caudais levaron á administración a prohibir o seu consumo á veciñanza.

Primeiro, instaláronse filtros para reducir a presenza do químico e recuperouse unha rede de circunvalación no encoro de San Xoán para desviar a subministración de auga da presa, que tamén se baleirou para mellorar a calidade do servizo.

O último paso e definitivo para afianzar esta mellora foi a modernización da Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP), na que o Concello investiu 356.050,21 euros, con fondos propios e con

financiamento a través de subvencións do IDAE e de Augas de Galicia, e que implicou unha reforma integral da planta co obxectivo de implantar procesos de tratamento de vangarda cun alto grao de fiabilidade.

ACTIVIDADE CULTURAL

A actividade cultural e social de Guitiriz centralízase na Escola Habanera, edificio que acolle tamén a biblioteca. Este ano, o edificio celebrou os seus cen anos de vida ao servizo da veciñanza. Durante uns días organizáronse moitas actividades no centro pero realmente a verdadeira celebración está no día a día, xa que acolle durante todo o ano cursos, concursos, obradoiros e un sinfín de

actividades sociais e culturais coas que se pretende dinamizar a vida, tanto da capitalidade como das parroquias. Así mesmo, o obxectivo destas convocatorias é poder achegarse a todos os colectivos e rangos de idade con ofertas culturais acordes a cada un deles.

ESCOLA DE PEDRAFITA

O Concello rematou as obras de rehabilitación da antiga escola de Pedrafita, que unha vez abra as súas portas pasará a ser un centro social. O edificio atopábase nun estado de conservación deficiente que impedía o seu aproveitamento, polo que o goberno local decidiu investir 206.686,71 euros para a súa posta a punto. Para a súa rehabilitación utilizáronse materiais



similares ao resto de edificacións da zona para conseguir unha adecuada integración na contorna.

Realizáronse traballos como a renovación da cuberta e da súa estrutura, a demolición da escaleira exterior e a realización dunha nova, a planificación dunha nova distribución para os aseos, a instalación dunha nova ventilación mecánica e climatización mediante aeroterminia, a execución de novas instalacións de fontanería, saneamento e electricidade, a renovación das carpinterías exteriores

O proxecto de rehabilitación da escola tivo un custo de 206.686,71 euros e agora pasará a ser un centro social para a parroquia

por outras de madeira pintada de branco e o acondicionamento da fachada.

Con esta rehabilitación, o Concello de Guitiriz recupera un edificio que pasará a ser importante no municipio e que será aproveitado como centro social do que poderán gozar os veciños e veciñas. A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, destacou que “o goberno local segue a apostar por rehabilitar e dar vida aos edificios do Concello para aumentar e mellorar os servizos municipais para a veciñanza”.



A transformación da zona da antiga nave do Senpa nun espazo de ocio cultural e deportivo

O Concello destinou 48.395,04 euros para a construción dun circuito de pump track na zona de almacenamento exterior na contorna da antiga nave do SENPA, onde agora se sitúan as pistas de pádel e a escola de música municipal.

Para levar a cabo este proxecto o Concello recibiu unha subvención de 40.000 euros da FEMP, con cargo á Red Española de Ciudades Saludables, por medio da liña para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables con fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España.

O pump track asfaltado, que está ao aire libre e que conta cunha superficie de 450 metros cadrados, permite o seu uso tanto por parte de ciclistas como por practicantes de calquera deporte sobre rodas de calquera idade e de diferentes niveis.

Trátase dun circuíto pensado e deseñado para que poida ser usado e rodado por todos os públicos, desde o que se inicia ata o máis experto, podendo englobar público patinador e ciclista, monopatin, skate, BMX, MTB...

Os traballos para a súa construción implicaron o movemento de terras para preparar o terreo, o asfaltado e, por último, a realización das marcas viarias e a execución da sinalización pertinente.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, explica que “nos últimos anos en Guitiriz aumentaron,

de xeito notable, as persoas que practican ciclismo e con esta instalación queremos responder ás súas demandas, dándolles un lugar axeitado e seguro para practicar este deporte”.

PISTA DE PÁDEL

Neste mesmo espazo fíxose unha segunda pista de pádel, que abrirá ao público en breve.

O Concello decidiu facer esta segunda pista debido á alta demanda. Esta primeira fíxose no ano 2021 e conta con zona de vestiarios e aseos. O forxado dos vestiarios leva unha segunda altura, que permite acoller outros equipamentos deportivos. Está previsto que se utilice como sala de pilates ou de yoga.

A segunda pista fíxose este ano seguindo a mesma liña que a primei-

ra, utilizando estas instalacións que ao ser cubertas permiten o seu uso durante todo o ano. Os vestiarios están abertos e en perfecto estado de uso. O Concello avanzou que esperan tela operativa antes do Nadal. Investíronse arredor de 80.000 euros en acondicionar a nave, concretamente as paredes e o chan, e colocar a continuación a segunda pista de pádel, que dobra a oferta na práctica dun deporte con alta demanda hoxe en día.

Ademais, instalouse un sistema de reservas. Para iso, os interesados ou interesadas poden facer a súa reserva de pista a través da aplicación Reservaplay, que xa funciona coa primeira e en breve o fará coa segunda.

Ademais, o espazo conta cunha zona libre que se está a usar para a práctica do tenis de mesa.



ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA



Dentro deste espazo de ocio cultural e deportivo tamén fixo un oco á Escola de Música municipal, para o que se fixeron uns traballos de adaptación das instalacións. Deste modo, o organismo, de fonda tradición, conta agora cun lugar de traballo amplo e moderno no que se pode seguir apostando pola música con formación para todas as idades.

O centro converteuse nun lugar de reunión para os afeccionados do ciclismo e o pádel, xa que conta cun circuíto de pump track e dúas pistas de pádel

xermade

Continúa a XII edición da Invernada de Cine

A casa escola de Cabreiros volve ser sede este outono da Invernada de Cine, que este ano chega á súa duodécima edición con actividades durante os meses de outubro, novembro e decembro.

O programa conta con dúas proxeccións, dous espectáculos teatrais e un monólogo. O sábado 9 de novembro, á 18.30, estaba previsto o monólogo *Contaba morrer*, de Lois Pérez, un espectáculo que reflicte o optimismo tráxico que define aos galegos. Este tivo que ser aprazado. *Mary & Max* será a seguinte proxección, unha película de animación de Adam Elliot, que poderá verse o 16 de novembro, un

film que fala da amizade aínda que toca asuntos como o alcoholismo, as diferenzas, a soidade, os amigos imaxinarios e os amigos por correspondencia.

En decembro está previsto o día 14 un espectáculo infantil e familiar de Pakolas, *As máis molonas*, que recolle as cancións máis aclamadas polo público infantil rockeiro galego.

A invernada chegará ao seu final coa obra teatral *As fillas bravas e o mito de Casandra*, a cargo do grupo Chévere. Son tres pandereteiras que cantan coplas e contan contos escoitados ou inventados, con moita retranscrición e menos sabedoría.

AXENDA DE ACTIVIDADES

CABREIROS. Os veciños de Cabreiros organiza a súa habitual setada o 23 de novembro na Casa Escola. O menú inclúe paella con setas, costela asada con setas, sobremesa, café e gotas. Aínda que todos os pratos inclúen setas, quen non poida comelas pode avisar no momento de anotarse para facer o menú sen elas.

PIÑEIRO. A localidade celebra o sábado 16 as súas festas. Comezarán ás 13.00 horas coa misa solemne, a que seguirá a sesión vermú, que estará a cargo do dúo Venus. Será este grupo o que se encargará de toda a música do día con sesión de tarde e verbena. Ao mediodía haberá un xantar popular, que consistirá en xamón cocido, polbo, carne asada, sobremesa, café e licor a un prezo de 33 euros. Pola tarde haberá xogos para os menos con monitores e pola noite, castañas asadas. As persoas que desexan participar no xantar teñen que anotarse no campo de tiro, en Severiano Agrocomercial ou na asociación.

ROUPAR. O sábado 30 de novembro celebrarase un xantar popular na localidade do Campo, en Roupar, organizado pola Comisión de Festas. O evento comezará ás 14:30 horas e contará cun menú que inclúe embutidos, empanada

de niscalos, tenreira asada con boletus e patacas asadas, ademais de sobremesa, café e licor. O prezo do xantar é de 30 euros, e a entrada será gratuíta para nenos menores de 12 anos. Os asistentes poderán gozar dunha sesión vermú e de tarde a cargo do dúo Venus, que animará a celebración con música en directo. A data límite para anotarse é o 24 de novembro, e o aforo será limitado. O evento contará cunha carpa climatizada para garantir o confort dos asistentes.

CONCURSO. Un ano máis, o parque eólico de Sotavento ten convocado o seu Certame Renovable de Fotografía, que xa vai pola súa duodécima edición e que este ano volve ter un único premio en metálico de 400 euros. As fotografías deben ter como temática principal o Parque Eólico Experimental Sotavento e poderán enviarse por correo electrónico ata o 20 de xuño de 2025 á dirección info-divulgacion@sotaventogalicia.com. Non existe límite de idade para os participantes e permítese un máximo de tres fotografías por autor valorando a creatividade, o enfoque do tema proposto e a calidade fotográfica en función da idade. As imaxes deben presentarse en formato jpg ou png vertical e non poden pesar máis de catro megas.

A Moexmu agradeceu a Africor e á USC o seu apoio ao longo dos anos

As oficinas do recinto feiral Manuel Vila López de Muimenta acolleron un acto de recoñecemento aos cinco presidentes e dous xerentes de Africor Lugo existentes dende a súa creación no ano 1992, e que colaboraron coa organización do Concurso de Gando Frisón e Poxa de Gando Selecto que se celebran xunto a Mostra Exposición de Muimenta.

Trátase de Antonio Fernández Fernández (presidente dende 1992 ao 1996), José Aquilino Rodríguez López (1996 a 2004), José Manuel López Tellado (2004 a 2012), José Carlos Vega Rodríguez (2012 a 2020) e Manuel Sandamil Cabana (presidente dende o 2020). Tamén recibiron a distinción Ramiro Fouz Dopacio (xerente dende 1996 ao 2020) e Fernando Rodríguez Gando (xerente dende o 2020).

Con este acto, a Moexmu quere agradecer á Asociación Provincial de Gandeiros para o control de rendementos da provincia de Lugo o traballo e a colaboración que ao longo destas edicións da feira sectorial mantiveron cos empresarios e empresarias de Muimenta, e que contribuíron, co seu traballo e esforzo, a consolidar a Mostra como un dos referentes do sector agrogandeiro galego.

Días antes fíxose o propio con Acruga, a asociación nacional de criadores gando vacún frisón, nas súas oficinas da capital lucense, en agradecemento á colaboración



que se mantén na organización da Exposición de Raza Rubia Galega. Ademais, tivo lugar no Vicerreitorado da USC de Lugo a entrega, por parte da Moexmu, dun detalle aos vicerreitores do Campus de Lugo. A Moexmu agradece así a súa axuda desde que se asinou o convenio de colaboración, que o vindeiro mes de abril, cumprirá quince anos.

O premio foi para Carlos Herrero Latorre, Pedro García Herradón, Javier Bueno, Montse Valcárcel e Francisco Fraga.

Estes actos están enmarcados dentro das actividades que se están a levar a cabo con motivo dos corenta anos de vida da Moexmu.

A XLI edición terá lugar os vindeiros 4, 5 e 6 de abril do 2025.

NOVA COMISIÓN. A comisión organizadora da XLI edición da

Mostra Exposición de Muimenta – Moexmu comezou no pasado mes de xullo coas súas reunións de traballo encamiñadas á celebración que terá lugar os vindeiros 4, 5 e 6 de abril do 2025. Nesta ocasión, as edicións a celebrar son a XLI da Mostra Exposición de Muimenta – Moexmu, o XXXIX Concurso de Gando Frisón, a XXXIX Exposición de Gando de Raza Rubia Galega e a XXIX Poxa de Gando Selecto.

Está comisión pecha a sétima rotación dos empresarios e empresarias que organizan á Moexmu.

Na reunión que tivo lugar o mércores 2 de outubro, decidiron que Ana Iglesias Lozano (Muimenta, 1979) sexa a presidenta desta edición. Será a terceira vez que unha muller presida unha das comisións organizadoras, despois de Uxía Rodríguez Crecente (1998) e Pilar Morán Edrosa (2013).

Crean unha asociación veciñal na parroquia cospeitesa de Vilapene

Un grupo de mozos e mozas da parroquia de Vilapene, no concello de Cospeito, vén de constituír a Asociación Veciñal de Vilapene, a primeira deste tipo na zona. Esta iniciativa xurdiu pola demanda de moitos veciños e veciñas, que consideraban necesaria a creación dunha entidade veciñal que contribuíse ao desenvolvemento e dinamización da

parroquia, un dos poucos lugares da contorna que non contaba cunha asociación desta natureza.

Os principais obxectivos da Asociación Veciñal de Vilapene inclúen dotar de personalidade xurídica ás futuras comisións de festas para facilitar a xestión de contratacións e pagos, fomentar a cohesión social entre os habitantes da parroquia, dinamizar a vida neste entorno rural e promover actividades lúdico-culturais. Ademais, un dos seus propósitos é a promoción da cultura galega e a preservación das tradicións locais.

Entre as actividades que a asociación poderá levar a cabo están a organización de cursos de formación,



xornadas culturais, excursións, debates, conferencias e coloquios, así como festexos e eventos lúdicos para toda a comunidade.

Nunha data próxima, terá lugar a primeira reunión formal da asociación. Durante esta xuntanza, explicaranse con máis detalle os plans da nova entidade e recolleranse suxestións e peticións da veciñanza. Así mesmo, nesta primeira reunión tamén se procederá a inscribir como socios e socias a todas aquelas persoas interesadas en formar parte deste novo proxecto comunitario.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformacións agrarias
Desbroces e plantacións de montes
Servicio de podas



San Lorenzo de Árbol, 13, 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138





O CPI Virxe do Monte fai medio século

A directora do centro, Carmen Sánchez Domínguez, relata como será esta celebración tan especial

O CPI Plurilingüe Virxe do Monte, en Cospeito, está a piques de celebrar o seu 50 aniversario cunha xornada especial o 16 de novembro de 2024. Este medio século de historia será conmemorado cun programa repleto de actividades dirixidas á comunidade educativa e ao público en xeral. Entre as propostas destacadas están as exposicións de fotos realizadas polos alumnos e unha mostra de obxectos históricos que percorren a traxectoria do centro desde a súa fundación en 1974.

A celebración incluírá tamén un xantar popular que se realizará no propio centro. Os interesados poderán recoller os seus tickets ata o 8 de novembro. O prezo para adultos é de 32 euros, mentres que para os nenos de 5 a 9 anos será de 16 euros, sendo gratuíto para os menores de 4 anos. A festa contará coa actuación musical do Grupo Fénix e haberá inchables para o disfrute dos máis pequenos, garantindo un ambiente de festa e entretemento para todas as idades.

Este aniversario representa unha ocasión especial para recoñecer o labor educativo do CPI Plurilingüe Virxe do Monte e para reunir a diferen-

tes xeracións que formaron parte da súa historia ao longo destes 50 anos. Carmen Sánchez Domínguez, directora do centro, relata como será esta celebración.

Que hai no programa?

A festa será o día 16 de novembro e comezamos cunha exposición de fotos antigas do alumnado e profesorado (saídas e excursións, así como actividades varias); tamén haberá unha exposición no edificio de dirección de obxectos e material que se utilizaban a partir dos anos 80. Farei un discurso e, posteriormente, o alcalde Armando Castosa Alvariño. O acto principal será o xantar de celebración no centro, amenizado polo grupo Fénix e inchables para os máis pequenos.

Que cambios máis destacados se produciron nestes 50 anos de vida do centro?

Principalmente, os cambios no sistema educativo, porque pasamos de ser un centro de EXB a un CPI (centro público integrado, que reúne a alumnado de Infantil, Primaria e Secundaria). Nun principio, o noso CPI tiña cerca de 600 alumnos e alumnas e pasados os anos decreceu considerablemente ata chegar actualmente

a 224. A nivel xa máis de infraestrutura, tamén tivemos cambios estruturais nos diferentes espazos como a biblioteca, o comedor, o patio de infantil e a cuberta da pista de fútbol, entre os máis destacados.

Que características ten este centro a nivel educativo ou de organización?

Ao ser CPI, temos 3 etapas educativas diferentes, Infantil, Primaria e a ESO. Son alumnos con idades moi diferentes que conviven todos no mesmo centro, isto fai que poidamos crear lazos de solidariedade e axuda entre os maiores e os máis pequenos (aínda que o horario de clases non coincida). Intentamos realizar celebracións onde todos eles poidan compartir valores de convivencia e respecto. Polo que se refire ao paso de Primaria a Secundaria faise máis sinxelo, e sen tanta incerteza, xa que coñecen o centro e seguen cos mesmos compañeiros, aínda que sempre temos novas incorporacións.

Canto profesorado teñen?

Temos 31 profesores en total, destes, 5 residen no concello de Cospeito e o resto maioritariamente en Lugo e Vilalba.

Ademais do ensino propiamente

dito, teñen actividades de convivencia coa comunidade?

Ao longo do curso facemos diversas actividades de convivencia, tanto organizadas conxuntamente cos distintos departamentos do concello, como actividades nas que o alumnado convive cos nenos/as da gardería municipal, convivencias interxeracionais cos usuarios do Centro de día, Vila de Valverde, diferentes reunións cos equipos de biblioteca dos centros educativos da zona, xa que acábese de crear unha microrrede entre elas, así mesmo colaboramos coa asociación veciñal de Pino, doando multitude de exemplares procedentes da nosa biblioteca. Os martes de 16:00 a 18:00 horas a biblioteca está aberta para todas as familias do noso CPI. Tamén realizamos intercambios entre alumnado doutros centros, entre outras accións.

Cales son os proxectos de futuro?

Nun futuro pretendemos darlle continuidade a todas estas actividades, así como introducir a radio na escola, a través do noso equipo da biblioteca e seguir traballando valores medioambientais na horta escolar e na reciclaxe de residuos, incluíndo a compostaxe.

EN BREVE

DOCUMENTAL. A Casa da Cultura de Cospeito acollerá o día 9, ás 19:00 horas, a presentación e coloquio do documental *No se oye*, que explora o complexo e conmovedor tema dos bebés roubados en Lugo. A entrada ao evento será libre e gratuíta. A proxección irá seguida dun coloquio onde os asistentes poderán debater e reflexionar sobre as testemuñas, investigacións e repercusións sociais deste fenómeno, proporcionando unha oportunidade para dar visibilidade a un tema de grande relevancia social.

PINO. Os días 9 e 10, a localidade de Pino celebrará as súas festas, que comezarán coa misa solemne ás 13:00 horas, seguida da procesión e a sesión vermú, que estará amenizada pola orquestra Salsarena. Na verbena actuarán de novo Salsarena e Cuarta Calle. O domingo a programación seguirá coas celebracións relixiosas e sesión vermú a partir das 14:00 horas, que nesta ocasión estará a cargo da orquestra Eureka. Haberá colchóns inchables gratuítos.

CINE. O vindeiro domingo 17 de novembro, ás 18:30 h, a Igrexa Vella de Muimenta converterase en sala de cine para a proxección da película galega *O Corno*. Este filme, dirixido por Jaione Camborda, foi merecedor de varios recoñecementos, incluíndo 7 premios Mestre Mateo, a Concha de Ouro á mellor película e o Premio Goya á actriz revelación.

PROGRAMA DE OUTONO. e O programa de outono completárase o 23 de novembro coa entrega de premios do VII Certame Literario Torre de Caldaloba, na Escola de Pino. O broche final será o 30 de novembro, co Festival de Corais do Porco da Ceba, na Casa da Cultura Feira do Monte.



construfer
Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)

Tel: 982 511 200

SISTALLO - COSPEITO

Tel: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com



Rúa Campo de Punte 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOs Obradoiro Doce

Convocado un ano máis o curso de costura

O Concello de Meira organiza de novo un curso de costura que impartirá María Luisa Freire Cordero, modista e profesora de corte e confección.

Os interesados en anotarse poden facelo no 639 728 129 ou no correo freirecorderomarisa@gmail.com.

A programación será de tres días de clase mensuais que suporán 50 euros ao mes. Cada sesión constará de tres horas de formación. Terá que reunirse un mínimo de dez persoas para comezar o curso.

Meira celebra o III Polavila na honra a Avelino Díaz con música e gastronomía

O 16 de novembro, a vila de Meira acollerá o III Polavila, un evento que conmemora o 127 aniversario do nacemento do poeta Avelino Díaz. A celebración contará cun programa variado que combina música tradicional, actividades culturais e degustacións gastronómicas.

A xornada comezará ás 19:00 horas na praza Maior (paseo central) coa tradicional esfolada de millo, na que veciños e visitantes poderán

participar nesta actividade popular galega. Ao mesmo tempo, haberá pasarrúas animados polos grupos musicais Asubíos da Chaira, Cospeito, Toxo Queimado, Baleira, Música e Baile Tradicional de A Pastoriza, e Viñeiras de Ribadeo, que encherán as rúas de música tradicional galega.

Ás 21:00 horas, distintos bares da vila, como Agrotaberna I+D, Cafetería Xeira, Cafetería O Recuncho

e Tapería O Arguiñano, ofrecerán tapas con castañas, para que o público poida degustar sabores típicos desta época.

Para pechar a celebración, a partir das 22:00 horas, o recoñecido artista Xisco Feijóo presentará o seu espectáculo Traede Ferrallada, un concerto que promete unha combinación de música e tradición cun toque contemporáneo, destacando o folclore galego.

Este mes arranca na localidade un novo curso de baile de salón para parellas

Meira pon en marcha o esperado curso de baile de salón e ritmos latinos, que estará a cargo de Teresa e José Manuel e que arrancou o primeiro mércores de mes, o día 6 de novembro.

Terá lugar na Casa da Cultura de Meira polas noites, de 22.00 a 23.30 horas.

Todo aquel que se queira inscribir, debe chamar aos propios monitores nos teléfonos de 680 602 272 ou 616 242 132.

riotorto

A asociación de veciños Santa Comba da Órrea muda a xunta directiva

A xunta directiva da Asociación de Veciños e Veciñas de Santa Comba da Órrea concluíu o seu mandato o pasado 13 de outubro. A presidenta saínte quixo expresar o seu máis sincero agradecemento a toda a veciñanza pola colaboración e apoio recibidos durante os anos que estiveron á fronte da asociación. Durante o seu mandato realizáronse moitas melloras para a parroquia, pero tamén recoñeceu que aínda quedan moitos proxectos por levar a cabo para seguir mellorando as condicións de vida en Santa Comba da Órrea.

A nova xunta directiva, encabezada por Gervasio Murado da Casa de Xan como presidente, toma o relevo con entusiasmo e compromiso.

Xunto a el estarán José Graña (Casa de Graña) como vicepresidente, Ángela Fernández (Casa de Fleire da Casanova) como secretaria, e Manuel Rodríguez (Casa de Xan) como tesoureiro. O equipo complétase cos vogais: Karina García (Casa do Zarelo), Jesús Fernández (Casa de Albertín), Fina Graña (Casa de Graña), M^{ra} Luz Fernández (Lugar do Fleire) e Isabel Sobrado (Casa de Jaime).

Gervasio Murado destacou a importancia de dar continuidade ao gran labor realizado polas anteriores directivas, eloxiando especialmente o traballo de Bina e o seu equipo, que foron fundamentais para manter unha asociación forte, escoitada e respectada.

A CHC traballa no río Órrea

A Confederación Hidrográfica do Cantábrico iniciou os traballos de mantemento, conservación e mellora no leito do río dá Órrea nas inmediacións desta localidade, no municipio de Riotorto.

Estas actuacións contan cun orzamento inicial duns 11 000 euros e execútanse ao longo de 670 m de leito. Os labores principais consisten na retirada de árbores caídas ou en risco de caída e na adecuación da vexetación de ribeira, co obxectivo de evitar a formación taponos e manter a capacidade de desaugadoiro do leito.

Estes traballos realízanse a través da empresa pública Tragsa dentro



do Programa de mantemento e conservación de leitos que desenvolve a Confederación Hidrográfica do Cantábrico fóra das zonas urbanas, xa que nas zonas urbanas os labores de conservación e mante-

mento de leitos son competencia dos concellos.

Durante o pasado ano 2023 investíronse en Lugo 380.117 euros repartidos en 34 actuacións en 9 municipios.

As unidades didácticas sobre os segadores e os ferreiros reciben o premio Educompostela

As unidades didácticas sobre os segadores da Órrea e sobre os ferreiros acaban de recibir un dos galardóns dos XV Premios Educacompostela de recursos educativos en prol da innovación, da calidade educativa e da renovación pedagóxica, que convocan o Concello de Santiago e o Movemento de Renovación Pedagóxica Nova Escola Galega.

Trátase de propostas para o tratamento das aulas, tanto do traballo dos ferreiros como do fenómeno sociolóxico, cultural e económico dos segadores da Órrea en Castela. A idea da elaboración das unidades didácticas forma parte do proxecto global sobre os segadores da Órrea desenvolvido ao longo dos anos pola Asociación de Veciños e Veciñas

desta parroquia mirandesa, e culminado coa produción dun exitoso documental no que participaron 31 persoas que viviron o fenómeno da sega en Castela en primeira persoa, documental que foi visto ata o momento por máis de 2.000 persoas. A unidade didáctica sobre os ferreiros é da autoría da profesora riotortense Paz López Teijo, mentres que a dos segadores da Órrea foi elaborada polo colectivo Os da tiza, formado por 14 profesores e profesoras nativos/as de Santa Comba da Órrea e que se reuniron para a ocasión. O xurado destacou no seu veredicto que "estes materiais didácticos, elaborados en clave comunitaria, aprofundan na recuperación da memoria e da tradición.

Celebran este mes unha excursión a Ávila e Toledo

O Concello organiza unha excursión a Ávila e Toledo os días 9 e 10 de novembro. A actividade inclúe un completo itinerario con visitas guiadas, pensión completa e aloxamento en hotel de catro estrelas en Toledo.

A saída será o sábado ás 7:00 horas desde a gasolinera. Durante a xornada, está prevista unha parada para almorzar en Vega de Valcarce, seguida da visita a Ávila e xantar nun restaurante local. Pola tarde, os participantes trasladaranse a Toledo, onde se aloxarán no Hotel Eurostar Ciudad de Toledo. A cea será ás 21:00 horas no propio hotel. O domingo comezará cun almorzo no hotel, seguido dunha visita guiada por Toledo. O xantar terá lugar ás 14:00 horas no hotel, deixando a tarde libre para os asistentes. Ás 17:50 horas, está prevista a saída de regreso.

OS BOLECHAS



Alumnas e alumnos do CEIP de Riotorto gozaron dun encontro cos Bolechas no marco do programa Da Escola á Granxa, organizado pola área de Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, que financia visitas de escolares de infantil e primaria a granxas, pequenas producións agrarias e obradoiros alimentarios do rural para achegar ás novas xeracións ao sector primario.

A Deputación inviste nun convenio que impulse a obra do Cabanón

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou tres investimentos por importe de 541.000 euros para continuar mellorando as infraestruturas da provincia e dotar de máis e mellores servizos á veciñanza.

Así o anunciou o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, que explicou que entre outras cuestións deuse luz verde a tres convenios de colaboración por un importe conxun-

to de case 336.000 euros para os concellos de Meira e Cervantes e a Fundación Terreo en Ribeira de Piquín.

No caso de Meira, o acordo de colaboración coa institución provincial ascende a case 130.000 euros para realizar obras de mellora no local municipal Cabanón, situado na praza do convento do municipio. O proxecto inclúe o acondicionamento integral deste edificio no que se realizan diferentes acti-

vidades lúdicas, culturais e deportivas. A Deputación achega preto do 94% (121.527,56 euros) e o Concello o 6% restante (6.655).

“Esta actuación beneficiará directamente aos veciños e veciñas de Meira, pois grazas a estas obras optimizarase o confort da instalación e garantirase que o espazo sexa máis acolledor e accesible para desenvolver diversas iniciativas”, destacou o deputado Pablo Rivera.



Chega ao IES Pedregal de Irimia a mostra ‘Galegoza’

A mostra Galegoza. A canción en galego, impulsada pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo para dar a coñecer ao público máis novo a oferta musical en galego, chegou ao IES Pedregal de Irimia de Meira.

A deputada de Cultura Iria Castro achegouse ao centro meirego para inaugurar a exposición, que repasa o percorrido histórico da música en galego desde os anos sesenta ata a revolución creativa actual. Este percorrido realízase a través das bandas e solistas máis influentes e representativos en diferentes estilos (ritmos tradicionais revisados e actualizados, pop, rock, canción de autoría, experimentación e electrónica, músicas urbanas, hip hop ou rap) e incorpora códigos QR cunha ligazón directa a unha lista de reprodución propia do proxecto para poder escoitalas.

Os 16 paneis que forman a mostra, comisariada por Pepe Cunha e deseñada pola directora de arte Belén Freijeiro, describen esta evolución e incorporan códigos QR cunha ligazón directa á lista de reprodución Galegoza para poder escoitalas.

Iria Castro convidou “ao alumnado a deterse na exposición e achegarse a través dela á música que se está a facer en Galiza” e destacou “a potencialidade das cancións en galego como ferramentas para a dinamización da lingua, subliñando que o momento excepcional que está a vivir a música en galego e as facilidades de escoita que ofrecen as novas tecnoloxías supoñen unha oportunidade que, con iniciativas coma esta, tratamos de aproveitar”.

A mostra estreouse o pasado 9 de outubro no IES Xograr de Sarria, e, despois da súa exposición en Meira, visitará o IES Monte Castelo de Burela, o IES Dionisio Gamallo de Ribadeo, o IES da Terra Chá en Vilalba, o IES Lama das Quendas, en Chantada, o IES Río Cabe de Monforte e o IES de Quiroga.

Cada centro contará para a inauguración da mostra cunha charla de Pepe Cunha e cunha unidade didáctica arredor da exposición para facilitarlle o traballo ao profesorado e introducir a música en galego noutros proxectos.

Convocada a primeira Festa da Xuventude

Meira xa ten todo listo para a celebración da primeira edición da súa Festa da Xuventude, que se levará a cabo o próximo 16 de novembro baixo o lema Meirandes!

A festa comezará ás 14:30 h cunha longa sesión vermú a cargo do Grupo Eureka. A partir das 15:00 horas, os asistentes poderán gozar dun xantar popular que incluírá empanada, churrasco, sobremesa e bebida, dispoñible mediante tickets que se poden adquirir a través das redes sociais ata o 14 de novembro.

Ás 17:00 h terá lugar o Tardeo, con xogos e música animada por Puzzle Animación. Xa pola noite, a partir das 19:00 horas, a Mekanika Rolling Band tomará o relevo para continuar coa festa, acompañada de food trucks e churros para os que queiran picar algo máis.

A xornada culminará ás 21:00 h cunha gran verbena, coa actuación do Grupo Eureka e Hermotruck

M de Meira celebra este mes o seu ciclo de cine

A Asociación cultural M de Meira ofrecerá aos veciños da localidade un outono cargado de actividades para que todos poidan desfrutar do que máis lles gusta.

Contarase, novamente, coa presenza do Ciclo cinema Ciclo Mestre Mateo, organizado pola Academia Galega do Audiovisual e a Deputación de Lugo. Comezou o 13 de outubro da película gañadora, *O Corno* e foron sucedéndose todos os domingos os films, *A viaxe de Lucy*, *Fatum* e *Salta!*.

Este mes están previstas dúas sesións de curtas. Na primeira proxectarase tamén o documental *Emoción, vida e teatro*, e na segunda será a vez de *Os espazos en branco*. As sesións terán lugar os días 10 e 17 de novembro, respectivamente. Completarán o mes as proxeccións de *Chichi* e *máis eu*



para pechar con *Matria*.

A maiores, o colectivo celebrou o habitual magosto e representouse a obra *Poeta en Nueva York*. Continuando co teatro, en decembro ofreceranse dúas obras máis. A primeira é *21/3*, do Grupo de Teatro Down, e presentarase o primeiro día do mes e o 28 será a quenda da compañía Producións Excéntricas coa súa obra *O auto do Castromil*.

IX FEIRA DO MEL
DE MONTAÑA

17 NOVEMBRO
VIVEIRÓ_MURAS

ORGANIZA:
MURAS
CONCELLO

COLABORA:
DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA

Rural

muras.gal

Vián celebra a festa da Virxe da O

O 23 de novembro, Vián celebrará a tradicional festa na honra á Virxe da O, un evento que mestura devoción, música e boa comida para goce de toda a comunidade. A xornada comezará ás 13:30 horas cunha misa solemne en honra á Virxe, un acto relixioso que congregará a veciños e visitantes na igrexa local.

A continuación, ás 14:00 horas, haberá unha animada sesión vermú a cargo de Belinda, que se encargará de poñer o ambiente festivo tras a cerimonia. Ás 15:30 horas, comezará o xantar, organizado polo restaurante Rochela, que ofrecerá un succulento menú composto de xamón cocido, polbo, carne asada, sobremesa, café e licor, cun prezo de 33 euros por persoa.

Para pechar a xornada, DJ The Sound Project amenizará a sesión de tarde-noite, asegurando horas de música e baile para todos os asistentes.

Convocan a recollida de plásticos de silos

O Concello pon en marcha a recollida de plásticos de silos porta a porta. A recollida será na explotación que o solicite entre os días 18 e 22 de novembro. Os usuarios que estean interesados na recollida de plásticos de silo deberán poñerse en contacto co teléfono 982 332 197, onde será anotada a solicitude e pasarase a recoller nos días seguintes, segundo a ruta que lle corresponda.

Os plásticos deberán estar depositados nun lugar de fácil acceso para o vehículo de recollida, sen atrancos que a entorpezan ou ralenticen e dentro da explotación. Non se poderán depositar en bens de uso ou dominio público, lembrando a prohibición de depositalos nos contedores de lixo ou ao seu carón.

Os plásticos deberán ir limpos de terra (só plásticos de silo, non se aceptarán nin cordóns, nin garrafas, nin calquera derivado da actividade agrícola).

Os veciños de Reigosa presentan as actividades do mes de novembro

A Asociación de Veciños de Reigosa programou unha serie de actividades para o mes de novembro que terán lugar na Casa Sociocultural de Reigosa. As propostas inclúen charlas informativas e unha representación teatral, con opcións para todos os gustos.

A primeira actividade será o 16 de novembro, ás 12:00 horas, cunha charla sobre a transmisión de enfermidades por carrachas, que abordará as precaucións e prevención necesarias para evitar estas doenzas. A duración será dunha hora e media, ata as 13:30 h, e recoméndase realizar inscrición previa.

O 23 de novembro, os interesados en micoloxía poderán asistir a un

curso de iniciación, que se desenvolverá de 10:00 a 14:00 horas. Ademais da charla teórica, haberá unha saída ao campo para poñer en práctica os coñecementos adquiridos. A inscrición previa tamén é imprescindible para esta actividade.

Ese mesmo día, ás 21:30 horas, o grupo Micromina Teatro representará a obra Alma de cartón, pechando as actividades culturais do mes cunha proposta escénica que promete entreter aos asistentes. Estas actividades son de balde e están abertas á comunidade, ofrecendo á veciñanza de Reigosa unha oportunidade para participar en eventos culturais e formativos sen saír da localidade.

Margarita Coroas gaña o concurso de fotografía sobre a muller rural

Por sexto ano, co gallo do Día Internacional da Muller Rural, o Concello da Pastoriza apostou por visibilizar a través da fotografía as mulleres rurais, polo que volveu convocar o concurso Muller Rural da Pastoriza. Nesta ocasión o premio foi para Margarita Coroas, que fotografou á súa nai Sara nun dos momentos de relax do día.

A fotografía, co título *A miña idade*, posando, contou con 293 me gustas en Facebook, e foi a máis votada nun concurso no que se presentaron unha vintena de imaxes.

Coidando o futuro e *Tempo de recoller e gardar pro ano* foron as outras dúas máis votadas.



Mulleres Rurais fará unha viaxe e clases de teatro

A Asociación de Mulleres Rurais da Pastoriza, en colaboración co Concello da Pastoriza, organiza unha viaxe cultural a Vigo os días 30 de novembro e 1 de decembro. O programa inclúe unha variedade de actividades, comezando o sábado pola mañá coa visita ao Museo do Mar en Vigo.

Pola tarde, os participantes gozarán dun paseo en barco de Cangas a Vigo ás 17:00 horas, seguido dun percorrido polas rúas da cidade olívica. Para rematar o día, haberá outro paseo en barco de volta a Cangas ás 21:30 horas, onde o grupo se hospedará no Hotel Jucamar. O domingo, o grupo visitará a histórica vila de Betanzos, e o regreso está previsto para as 20:00 horas aproximadamente.

A saída será o sábado ás 7:15 horas diante do Concello da Pastoriza, e as prazas dispoñibles son limitadas. O prezo para os socios e menores de 12 anos é de 120 euros, mentres que para os non socios o custo será de 150 euros.



CLASES DE TEATRO. A asociación ofrece tamén clases de teatro co actor Guillermo Canelo no salón de actos do concello. As clases desenvolveranse en horario de 20:30 a 22:30 horas, un día da semana aínda por concretar, e están abertas a todas as persoas interesadas.

O prezo da actividade será de 35 euros ao mes para non socios e 30 euros para socios. As inscricións están abertas ata o 10 de novembro.

Roteiros de Pol rematarán o ano con dúas rutas

A Asociación Roteiros de Pol porá o punto e final ao programa do 2024 con dúas rutas e a tradicional cea de anual de Nadal.

O colectivo programou para este 2024 un total de doce rutas, unha por mes, agás en agosto. Quedan polo tanto dúas rutas por celebrarse, a Ruta polo Courel, que terá lugar o 17 de novembro, e a Ruta do Cocido, o 1 de decembro, as dúas na provincia de Lugo. Ademais, pecharase o ano coa tradicional cea anual de Nadal, que terá lugar en Mosteiro o día 15 de decembro.

Os percorridos deron comezo en xaneiro cunha ruta por Guntín de Pallares e outra por Barreiros en febreiro. Seguiron por Ponferrada, Paradela, Guitiriz, Mondoñedo e Belesar. Ademais, no mes de maio participaron na XV Concentración de Asociación de Senderismo e Tempo Libre de Galicia e Asturias, que tivo lugar na Pontenova o día 11; e na XXXVII Travesía Costa Naviega, na localidade asturiana de Navia en xuño. Non faltou a tradicional ruta por Pol, que se celebrou o 1 de setembro.

AXENDA DE ACTIVIDADES

BAILE. A Asociación de Mulleres Rurais Olvido de Pol continuará este ano coa actividade de baile os primeiros venres de cada mes co acordeonista Carlos como acompañamento. Estes teñen lugar na caseta da Carballeira, en Mosteiro, de 17.00 a 18.00 horas. O prezo da entrada é de 3 euros por persoa e está aberto a toda a poboación que

desexen pasar un rato ameno.

MAGOSTO. O colectivo polense Lecer de Gamelle convocou para o sábado 9 de novembro o seu magosto en Cirio, que será ao mediodía. Haberá empanada, lacón, castañas e sobremesa. Os socios repartirán gastos e os non socios abonarán 5 euros máis.

ATABERNA

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA
NUESTRA CARTA

HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD
PASTAS CON SALSAS VARIADAS
ALCO PARA COMPARTIR TAPAS

REVUELTOS FRESCOS DE BARRIL
ALCO PICAR
SABOREAR TORTILLAS

RAXO PATATAS
NUESTROS DELICIOSOS

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

BODEGA

Finalizadas as obras de mellora nas estradas municipais de Abadín

O Concello de Abadín vén de finalizar as obras de mellora no camiño municipal que conecta o centro de Abadín coa Igrexa de Labrada e chega ata O Outeiro. Estas actuacións, realizadas en dúas fases, teñen como obxectivo mellorar a accesibilidade e a seguridade da vía, facilitando así o tránsito para veciños e visitantes.

A obra, a cargo da empresa Cholo, S.L., contou cun orzamento total de 258.298,99 euros e foi deseñada polo enxeñeiro Sergio Daniel Orosa López. Entre os aspectos contemplados no proxecto inclúense actuacións de seguridade, saúde e xestión de residuos, o que garante un impacto positivo e sostible na área.

A obra desenvolveuse en dúas fases, a primeira desde o lugar de Atalaia ata Cabeira, na parroquia de Labrada, cun investimento de 150.543,32 euros, e a segunda consistiu na mellora do acceso ás parcelas agrícolas en Pena do Caldeiro, cun custo de



107.755,67. Con estas melloras, os camiños locais presentan agora unha pavimentación renovada que promove un acceso máis cómodo e seguro tanto ás zonas agrícolas como ás residenciais, beneficiando directamente a calidade de vida da comunidade de Abadín.

CABOXO. O Concello acometeu os traballos de mellora e acondicionamento da pista que conecta Caboxo

con Fanoi, garantindo unha maior seguridade e comodidade para os veciños. Ademais do arranxo da pista, estanse a limpar as marxes e a reforzar a contorna para evitar desbordamentos ou estragos.

Debido á presenza de maquinaria traballando na zona, o Concello pide aos veciños precaución ao transitar. A previsión é que as obras finalicen en poucos días, sempre dependendo das condicións meteorolóxicas.

Web para a reserva da pista de pádel

Vén de poñerse en marcha unha nova aplicación para acceder á pista de pádel da localidade. A aplicación está dispoñible para toda a veciñanza na páxina web do Concello de Abadín. Para poder utilizala primeiro hai que rexistrarse como usuario e despois poden facerse directamente as reservas de pista na web e ver as horas que xa están completas.

Cando se efectúe a reserva obtérase o código que permite ao usuario acceder á pista na hora sinalada marcando o mesmo no teclado disposto na entrada da instalación.

MAQUINARIA



O Concello incorpora un novo tractor á súa frota de maquinaria para o mantemento dos camiños municipais. A entrega do vehículo, que terá como función principal o desbroce das vías, realizouse nas instalacións do propio concello. Foi subvencionado a través do Fondo de Compensación Ambiental.

Instalan 818 lámpadas LED no alumeadado público en 4 parroquias



Comenzaron as obras de mellora da iluminación pública en Abadín coa colocación das novas lámpadas LED de 36 W, que substitúen ás actuais de sodio de 70 W por unha tecnoloxía máis eficiente e de menor consumo.

O obxecto é a instalación de 818 lámpadas LED de 36 W, incluíndo a súa posta en funcionamento. Estas lámpadas inclúen material auxiliar e medios de elevación, o que permite mellorar o funcionamento das luminarias de maneira segura e eficiente.

A empresa Instalaciones y Montajes Eléctricos Valdés é a responsable de levar a cabo esta renovación, que se realizarán nas parroquias de Castromaior (82 lámpadas), Fanoi (42 lámpadas), Baroncelle (55 lámpadas) e Abeledo (58 lámpadas). As novas luminarias teñen unha maior vida útil e un menor índice de fallo, garantindo unha iluminación eficiente a longo prazo.

Este proxecto supón unha importante aposta polo aforro enerxético, reducindo o consumo eléctrico e contribuíndo a un concello máis sostible.

XULGADO DE PAZ. O Xulgado de Paz e Rexistro Civil vén de completar as obras de reestruturación das súas instalacións, o que permitirá retomar a actividade habitual con melloras na atención ao público. Desde agora, os veciños poderán acudir presencialmente para realizar os seus trámites de forma cómoda e áxil, aproveitando un espazo renovado e adaptado ás súas necesidades.

A atención ao público estará dispoñible os luns, mércores e venres, en horario de 12:00 a 14:00 horas. Estes horarios permitirán aos cidadáns realizar xestións de rexistro civil, como inscricións e certificados, así como outros trámites vinculados co Xulgado de Paz.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

Convocado este mes un obradoiro sobre xestión do estrés

O día 25, coincidindo co Día Internacional contra a Violencia de Xénero, celebrarase en Outeiro de Rei o obradoiro *Educación Emocional. Técnicas de relaxación*, que terá lugar no salón de actos da casa da cultura, en horario de 16:30 a 20:30 horas.

Durante este obradoiro está previsto que se traten diferentes técnicas de relaxación, meditación e concentración, síntomas e efectos do estrés e a ansiedade, fontes de estrés, coñecer, entender e manexar o estrés e a ansiedade na vida e estratexias para manexar, reducir e relaxar o estrés. Inscricións gratuítas ata completar prazas (30. Esta actividade está incluída dentro das Actividades de Promoción da Muller 2024.

Asistencia penitencia de Lugo atendeu a 150 internos

O presidente da Deputación supervisou no Colexio de Avogacía o funcionamento do Servizo de Orientación e Asistencia Xurídica Penitenciaria (SOIAP) que está a desenvolver a entidade lucense desde o ano pasado e que conta coa colaboración da institución provincial. Trátase dun programa gratuito que se realiza nos centros penitenciarios de Bonxe e Monterroso e dende a súa posta en marcha prestou asesoramento a preto de 150 internos e internas. Nesta visita o mandatario provincial estivo acompañado polo Decano do Colexio de Avogados de Lugo, Félix Mondelo Santos, a Xerente da entidade, Mercedes Alvite Menor e os técnicos do SOIAP, Inmaculada Mourín González e Óscar Núñez Torrón. José Tomé Roca subliñou que “na Deputación de Lugo estamos plenamente comprometidos con manter e asegurar os dereitos de todas as persoas e especialmente as máis vulnerables, como é o caso da poboación reclusa, un colectivo, que en moitas ocasións, tamén sofre de estigmas sociais”. “Por iso, desde a institución provincial colaboramos directamente co Colexio de Avogados de Lugo cunha achega económica de 12.000 euros para desenvolver este proxecto que xa atendeu a máis dun cento de internos e internas desde a súa posta en marcha”, indicou.

Este servizo trata de garantir os dereitos dos internos asesorándoos en cuestións relacionadas co eido xurídico que afecten directamente ao seu ámbito persoal e laboral. O obxectivo principal é lograr a plena reinserción social e laboral unha vez cumpran coa súa condena.

Queixas en Guillar pola acumulación de lixo



A veciñanza da parroquia de San Martín de Guillar queixase da situación na que se atopa a zona dedicada ao depósito de lixo, concretamente ao fondo da Urbanización O Salete. Este punto de recollida de lixo conta con dous contedores marróns para material orgánico, dous amarelos de plástico e dous verdes, para todo tipo de refugallo. Porén, desde hai meses vense de acumular unha cantidade de lixo ao redor destes contedores e incluso chegan ata a vía por onde os veciños e veciñas acceden ás súas vivendas, así como chegan ata o bosque que se atopa detrás. Apuntan ao “mal comportamento

dalgúns veciños ou dos traballadores da zona”, xa que hai diversas empresas que levan a cabo a súa actividade nas inmediacións destas vivendas.

Din que “é unha vergonza que os contedores estean baleiros, pero vexamos como está a beirarrúa e a estrada chea de lixo sen recoller”. Por isto, demandan ao Concello de “medidas para facer fronte a esta situación”, tanto na recollida dese lixo acumulado, como na instalación de cámaras.

O Concello procedeu a limpeza da zona despois da primeira das denuncias pero despois dese día volveuse a acumular o lixo.



Manuel Ignacio Piñeiro recibe a Medalla de Ouro de Amigos de Galicia

A Fundación Amigos de Galicia fixo entrega, na Casa da Cultura de Outeiro de Rei, da Medalla de Ouro a Manuel Ignacio Piñeiro Piñeiro *Pallín*, unha distinción que outorga a entidade ás persoas que contan cunha longa traxectoria na mesma.

A entidade quixo recoñecer ao homenaxeado a súa traxectoria como voluntario e patrón desde 1993 e desde o ano 1996 como voluntario e coordinador xunto con outros compañeiros no reparto de axudas de emerxencia que a entidade vén

realizando con carácter mensual en colaboración con concellos lugueses. Por este labor e a proposta destes, Outeiro de Rei, Abadín, Castro de Rei, A Pastoriza e Cospeito, recoñecérono nomeándoo “chairego do ano” no ano 2012. Así mesmo, tamén participou como voluntario noutros eventos, tanto de índole cultural como deportivos organizados pola Fundación Amigos de Galicia na provincia de Lugo. Foi coordinador de Auxilia Lugo desde o ano 2003 ao ano 2016.



Presentan o gañador do concurso da Federación de Automobilismo

No Concello de Outeiro de Rei, levoase a cabo a presentación oficial do deseño gañador do concurso de debuxo organizado pola Federación Galega de Automobilismo (FGA), unha iniciativa dirixida aos estudantes de primaria.

Nesta edición participaron máis de 700 nenos provenientes de 12 colexios da provincia. O primeiro premio foi outorgado a África García, unha nena de 10 anos do CEI da Pontenova, quen destacou pola súa

creatividade e orixinalidade na súa obra. Ese mesmo deseño foi o utilizado para o Renault Clio Rally5 de Álvaro Castro Laiño e Isidro Rey.

O evento contou coa presenza de autoridades locais, representantes da FGA e docentes dos colexios participantes, que resaltaron a gran participación e o entusiasmo mostrado polos nenos nesta actividade. Este concurso ten como obxectivo promover o deporte e a creatividade nos máis pequenos a través da arte.

‘Neno’ gaña o Concurso musical Manuel María



Neno foi a canción lírica, para voz e piano, gañadora do terceiro Concurso Manuel María de Composicións Musicais celebrada cunha gala-concerto, na Casa-Museo Manuel María.

Da autoría de Saúl Aguado de Aza, está composta sobre o poema homónimo de Manuel María, e o autor levou un premio de mil euros. A súa composición editada, xunto as obras das outras finalistas, estará nunha publicación que será distribuída gratuitamente por todos os conservatorios de música de Galicia para que poida ser empregado como material didáctico.

A gala-concerto contou coa presenza da mezzosoprano Nuria Lorenzo e a pianista Noemí Salomón, que

interpretaron nunha primeira parte as cancións finalistas ‘O Carro de María Mendoza’, ‘Galiza’ e ‘Neno’, de Saúl Aguado de Aza e Mito de Luis Serrapio Fernández.

Nunha segunda parte, presentaron en concerto unha serie de cancións galegas dos compositores José Baldomir, Juan Durán e Carlos Cambeiro, baseadas en poemas de Curros Enríquez, Rosalía de Castro e Manuel Cambeiro.

O xurado estivo composto por Margarita Viso Soto, Alejo Amoedo Portela e Julio Cabo Meseguer que, a primeiros do mes de xullo, escolleu, de entre todas as composicións anónimas que se presentaron a concurso, as cinco pezas finalistas que se puideron escoitar no auditorio da Casa-Museo Manuel María.

O belén de Begonte inicia unha campaña de captación de socios

O Centro José Domínguez Guizán, impulsor do belén de Begonte, comeza unha campaña de captación de amigos do belén, para contribuír a soste e potenciar a actividade cultural e social que vén desenvolvendo desde hai cincuenta e dous anos.

Preténdese afianzar cada vez máis o belén como iniciativa senlleira dentro do Nadal de Galicia, e seguir facendo que o pobo que o acolle siga a merecer o nome de Begonte do Nadal.

Os simpatizantes do belén cóntanse por milleiros, no só en Begonte e en toda a provincia de Lugo, senón tamén no resto de Galicia e en moitos puntos de España. A

eses simpatizantes que cada ano visitan o belén pídeselles que se fagan socios para fortalecer a Asociación e incrementar a realización de actividades e a difusión do Belén.

Os socios colaboradores do belén de Begonte contribúen cunha cota de 20 euros ao ano, podendo entrar na gran familia facilitando os seus datos na sede, no Concello de Begonte, ou en calquera dos seguintes establecementos colaboradores, Casa Varela de Damil, Pazyana en Santo Estevo de Uriz, Taberna do Labrego en Pacios, os bares Cereixo e Miraz de Begonte, o grupo Luis Iglesias ou a cordelería Maragatos de Lugo.



O Cercud pon en valor os traballos feitos na área recreativa de Baamonde

O Cercud de Baamonde aproveitou a celebración Día Internacional das Reservas da Biosfera da Unesco, que se celebra este domingo 3 de novembro, par poñer en valor as actuacións realizadas nas Reserva da Biosfera Terras do Miño en Baamonde, co apoio Deputación de Lugo.

Nesta área recreativa realizouse a poda de redución de copa e saneamento de masa vexetal, así como o arranxo de vallas de madeira.

Tamén fíxose unha nova edición da limpeza simultánea do río na campaña Móllate polos ríos. Nela foron retirados 85 kg de lixo, “se ben o máis importante deste día foi o labor de concienciación social que entre todos e todas realizamos. As pequenas accións valen moito”, explican desde a directiva da entidade.

Por último, tamén se fixeron paneis informativos para a futura posta en marcha do Centro de Interpretación Muíño do Pan de Baamonde.

Castiñeiro Milenario convoca dous obradoiros gratuítos de aromaterapia e arteterapia

Grazas ao Proxecto Ninfas, impulsado pola Asociación de Mulleres Empresarias en colaboración coa Deputación de Lugo, Castiñeiro Milenario organizou dous obradoiros gratuítos no local da Asociación Veciñal do Castro, que terán lugar en novembro. Estas actividades están orientadas ao benestar físico, mental e emocional dos participantes e estarán abertas ao público de forma totalmente gratuíta.

O primeiro obradoiro, dedicado á Aromaterapia, terá lugar o sábado 16 de novembro de 10:00 a 13:00 horas. Será impartido por Noelia Solar, terapeuta e aromatóloga de Esencia Viva, un recoñecido centro

de masaxe e recuperación funcional especializado en tratamentos con aromaterapia e cosmética natural. Este obradoiro sensitivo e práctico ensinará aos participantes a empregar aceites esenciais e outros compostos aromáticos para mellorar o benestar psicolóxico e físico.

A seguinte cita será o sábado 23 de novembro, tamén de 10:00 a 13:00 horas, cun Obradoiro de Arteterapia impartido pola artista multidisciplinar Cris Bamio. Neste curso, os asistentes explorarán o uso das artes plásticas como unha forma de expresión que contribúe a mellorar a saúde mental e o benestar emocional e social.

CENTENARIA



A veciña de Begonte María Franco Varela, da parroquia de Saavedra, celebrou o seu cen aniversario de vida e o Concello de Begonte quixo estar presente neste día tan especial. O alcalde, José Ulla, e a concelleira de Cultura, Sonia Varela, desprazáronse ao centro de día de Baamonde para entregarlle un agasallo de parte de todos os veciños e veciñas de Begonte.

O Concello anuncia unha nova edición do Mercado de Nadal

Debido ao éxito das anteriores edicións, o Concello de Begonte anunciou que está a preparar por cuarto ano consecutivo o mercado de nadal que se celebrará os días 21 e 22 de decembro na praza Irmáns Souto Montenegro.

Como sempre abrirá un tempo para que os interesados en participar como vendedores poden solicitar o seu posto no Concello. Búscanse expositores de artesanía, alimentación, ocio, decoración, atraccións, etc, que terán a súa estada gratuíta.

A intención do Concello é preparar para eses días de mercado unha morea de actividades para nenos e adultos.

Os interesados en inscribirse ou informarse poden facelo no Concello



a través do teléfono 982 396 143 ou 619 455 026 ou na dirección de correo cultura@concellodebegonte.es antes do 5 de decembro.

O Concello repite nesta convocatoria despois do éxito acadado nas edicións anteriores, xa que contou con numeroso público asistente e moitos postos de venda.

EN BREVE

MAGOSTO. Begonte continuará este ano co tradicional magosto popular, que se celebrará o sábado día 9 de novembro a partir das 21.30 horas no Pavillón Municipal de Begonte (CEIP Plurilingüe Virxe do Corpiño), na que será a X edición. Os asistentes poderán desfrutar dunha cea con empanada, xamón cocido, liscos, torta de millo, castañas e viño. Ademais, a noite estará amenizada musicalmente. O prezo das entradas será de 6 euros para os veciños de Begonte e de 12 para o resto.

MANIPULADOR DE ALIMENTOS. O Concello, en colaboración coa Asociación de Familias e Mulleres do Medio Rural (Afammer), convocou un curso gratuíto de Manipulador de Alimentos e Hixiene Alimentaria, dirixido a mulleres maiores de 18 anos. Será o 18 de novembro, en horario de 16:00 a 21:00 horas, na Casa da Cultura. As inscricións están abertas nas oficinas do Concello de Begonte ata o 14 de novembro, ou ata esgotar prazas.

XIMNASIO. Abre a inscrición para clases de adestramento persoal no ximnasio municipal a partir de novembro. As sesións, que se realizarán en grupos de 4 a 6 persoas, ofrecen unha oportunidade única para mellorar a forma física con supervisión personalizada. Os prezos das clases serán de 50 euros ao mes para empadroados e de 60 para o resto. As clases terán lugar dúas veces por semana, os martes e xoves, con sesións dunha hora en horarios dispoñibles.

ENSERES. Este mes de novembro o Concello de Begonte procederá á recollida de enseres domésticos, concretamente o día 13. Así os veciños que o desexen poderán depositar utensilios e mobiliario xeral do fogar como electrodomésticos, xoguetes ou aparellos musicais por exemplo ata un máximo de tres enseres de gran volume por vivenda. A recollida realizarase de forma domiciliaria, iniciándose ás 6.00 horas da mañá e os enseres deberán estar depositados en lugares accesibles para a súa carga con camión pluma. Todas aquelas persoas interesadas deberán chamar previamente ao teléfono do Concello 982 39 61 43.

CHAIREGOS
SERRANOS VETERINARIOS

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade

Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24
HORAS

COLABORACIÓNS

12 de outubro: Celebrando un xenocidio

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Bastante antes do 12 de outubro o expresidente de México, Andrés Manuel López Obrador, coñecido tamén por AMLO, un dos presidentes máis apreciados en toda a historia da nación azteca, esixíalle respectuosamente ao rei dos españois, Felipe VI, recoñecer e pedir perdón ao pobo mexicano polo xenocidio español durante a invasión, desde a chegada de Colon a súa emancipación como estado libre e soberano. Despois, a toma de posesión da actual presidenta, Claudia Sheinbaum (á que o rei non asistiu por ese motivo) trouxo á actualidade esa pregunta que sigue causando ese secular debate de si España debe desculparse con México e con toda a América latina. Penso que sería unha boa oportunidade para que o rei dos españois pedira perdón e fixera un acto de contrición, devolver o roubado polo Estado e reparar no posible o dano causado, pero unha vez máis chamouse "andanas" e na vez de pedir perdón polas prácticas inhumanas da-

queles colonialistas sanguinarios e inhumanos, celebrou ledamente e con arrogancia o "Día de la Hispanidad" (antes "Día de la raza"), como se fose unha vitoria o asasinato, a tortura de tantas persoas e a desaparición de tantas culturas e de tantas razas, volvendo presidir un ano máis, coa súa herdeira o trono, a celebración da masacre; un verdadeiro xenocidio cometido por aqueles conquistadores que irromperon naquelas terras coa cruz e a espada na man e sen ningún tipo de documentos legais, documentos que agora esiximos aos que escaparon das guerras e da fame que deixaron os colonialistas occidentais en América e nos países africanos.

Foron tales as matanzas, torturas e asasinatos dos españois que chegaron a América con Colon, que decidiron e exterminaron por completo aos indíxenas de pobos enteiros, como é o caso dos aborixes cubanos, aos que o frei Bartolomé de las Casas distinguiu como "guanahatebey", "siboney" e "taínos"; segundo os resgos étnicos e lingüísticos. Foron todos eles aniquilados por ser demasiado pacíficos e non saber defenderse da barbarie española. Intentárano cando xa era tarde para aprender: Trouxeron ao cací-

que Hatuey, considerado o "Primeiro Guerreiro de América", que xa fora expulsado polos invasores da illa "Española" (composta daquela por Haití e República Dominicana), que lles ensinou a loitar contra os españois, pero logo o colleron e queimárono vivo. Segundo Bartolomé de las Casas, no Tomo IV da súa "Historia de las Indias" di que cando o estaban queimando na fogueira o pai Olmedo díxolle que era mellor que se bautizase e se convertera ao cristianismo, para ir ao ceo e non ao inferno, pero el preguntoulle si os españois tamén irían o ceo e, ao dicirlle que si, contestoulle que el quería mellor ir ao inferno para non estar con xente tan cruel e tan ruín. Pero non so debe pedir perdón o Estado Español polos xenocidios que levou a cabo nas distintas nacións hispanoamericanas, senón devolver tamén os tesouros roubados e agora reclamados polos diferentes países, como o Tesouro da Colección Quimbaya, reclamado polo goberno colombiano de Gustavo Petro, que se atopa no Museo de América de Madrid, composto por máis de 120 bens arqueolóxicos de orixe prehispano, sendo unhas das pezas máis valiosas dese museo, ao que chegaron en 1893 como agasallo do presidente colombiano

Jaime Holguín ao español Mateo Sagasta, violando claras normas da Constitución política colombiana de 1886 entón vixente.

Hoxe as ganas de volver ter un imperio no que non se poña o sol aínda está nas mentes de moitos españois, debido a que nos aleccionaron desde moi nenos co supremacismo español, con mentiras históricas sobre a "batalla de Covadonga", da "heroicidade" de Numancia e Sagunto; coa consideración "española" do luso Viriato e dos romanos Séneca, Marcial e Trajano, que deixou un pouso maximalista no noso cerebro que nos fai crer superiores e adorar o colonialismo como algo natural da nosa raza, xa que Dios perdoou todas esas barbaries colonialistas polo ben da cristiandade, do mesmo xeito que o pobo xudeu é o pobo elixido por Deus, que sufriu o xenocidio nazi e agora el está levando a cabo o xenocidio palestino

e libanés para colonizar as súas terras.

Ese pouso colonialista está moi arraigado en personaxes da dereita e da extrema dereita, pero tamén se nota nas mentes dalgúns dirixentes por moi progresistas que se cualifiquen e debido ao seu paternalismo aínda pensan que teñen a razón da súa parte e o dereito a ditarlles o que deben facer e o que non, por creerse superiores a eles.

Este ano, con motivo desa cruel festividade, os maximalistas cavernícolas españois adornaron as paradas de autobuses con grandes carteis, nos que consideraban aos conquistadores de heroes e santos, na vez de xenocidas e escravistas. O mundo ao revés, que diría Eduardo Galeano.

Menos mal que seica os científicos decidiron definitivamente que Colon era xudeu e non galego, senón tamén levaríamos nós a culpa da masacre.

O RECUNCHO DE CANELINA



Os novos galegos

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Nesta mesma columna tense aludido en diversas ocasións a unha das características que describe á Galicia interior e rural, o avellentamento da poboación e conseguinte despoamento, fenómeno que non resulta en absoluto alleo á nosa bisbarra. Unha ollada á evolución dos padróns municipais dos distintos concellos que a constitúen serve para corroborar esta circunstancia. As consecuencias delo afectan ao desenvolvemento cotián das aldeas, parroquias e vilas. Cada vez somos menos e máis vellos, xa que o sector denominado terceira idade triplica ao constituído por xoves e nenos. Temos unha pirámide invertida, cunha base cada vez máis estreita, ensanchándose o

cumio da mesma. Resulta desolador falar deste tema, porque semella que a tendencia dificilmente será modificada, non albiscando solucións inmediatas.

Esta realidade tamén ten os seus efectos no mundo laboral, onde está resultando excesivamente complicado cubrir certos postos de traballo. Exemplos temos de abondo, como o relacionado coa atención a persoas maiores e dependentes, tanto no fogar como en centros residenciais. A carencia de perfís profesionais dedicados aos cuidados do colectivo sinalado é de extraordinaria gravidade, xa que a demanda de atención estase a incrementar de maneira constante, sendo de gran complexidade dar a resposta axeitada desde os servizos sociais por esa falta de persoal. Pero similar problema observamos noutros campos, como a construción, hostalaría e restauración ou o gandeiro, escoitando que non se atopan candidatas para

cubrir ofertas laborais en bares ou nas granxas. Non hai xente para traballar e/ou non se quere traballar, oímos habitualmente. Pero o certo é que no mencionado nas primeiras liñas do artigo atopamos a causa, na inexistencia de recambio xeracional, o que afecta aos negocios, sobre todo a aqueles de carácter familiar, polo que na meirande parte dos casos encamiñanse a un irremediable peche.

Por todo isto, non nos poden sorprender novas como a chegada de máis dun cento de cidadáns peruanos á nosa comunidade para traballar, tras seren previamente seleccionados e formados no seu país de orixe. Ocupacións como soldadores, electricistas, mecánicos ou condutores de autobús, para as cales non hai candidatos autóctonos, serán desenvolvidas por empregados que veñen do Novo Mundo. Homes e mulleres que deixan polo xeral unha situación de precariedade e vulnerabilidade,

que veñen as veces sós e outras coas súas familias e supoñen un impulso económico moi importante na nosa sociedade. O fenómeno da inmigración non resulta alleo cando vemos estranxeiros atendendo a cantina do polígono industrial, muxindo vacas nunha moderna explotación gandeira, ou cuidando un usuario do servizo de axuda a domicilio municipal. E se acudimos aos centros de ensino, veremos aulas onde se mesturan razas,

linguas e culturas polas distintas procedencias dos alumnos, compartindo estudo e xogos cos nenos nados aquí. A carón da nosa porta observamos este panorama. Son os novos galegos, eses que cruzaron o Atlántico para chegaren acá e realizar o seu proxecto de vida.

Un gran desafío queda por diante, en sermos quen de acoller e integrar toda esa variedade de xente dentro das nosas comunidades.

DEPUTACIÓN

O orzamento da Deputación crecerá ata os 130 millóns euros, asegura Tomé

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, presentou no Parlamento galego as liñas estratéxicas dos Orzamentos da entidade para o 2025, uns presupostos “realistas e útiles para os concellos e para o tecido social e económico da provincia” que ascenderán a 130 millóns de euros, o que representa un 12% máis ca neste ano, gracias á aportación do Estado que se incrementa en 14 millóns.

“Continuaremos desenvolvendo o noso proxecto ben definido para a provincia, con partidas realistas, e que se asenta en catro grandes piares: A mellora da mobilidade, a cooperación cos concellos, o apoio aos sectores produtivos, e as políticas sociais”, subliñou o mandatario provincial subliñou ante a Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento.

Como “factor clave para o equilibrio territorial e, polo tanto, para fixar poboación”, José Tomé expuxo que a mobilidade é outras das liñas estratéxicas dos Orzamentos 2025 da Deputación. Dedicalle o 30% dos recursos, entre as actuacións na rede viaria provincial e a cooperación cos concellos para a mellora das estradas municipais.

Avanzou que a investimentos de mellora de estradas a institución provincial dedicará no 2025 máis de 12 millóns de euros, “cun incremento do 100% con respecto ao presente ano” 2024, e á conservación, 5,5 millóns, “o que supón un 10% máis que neste ano”. Un esforzo investidor e un reto dunha dimensión que para explicala “basta lembrar que a Deputación de



Lugo ten a rede de estradas provincial máis extensa de toda España, con 4.217 quilómetros, e tres veces maior que a da Xunta na provincia de Lugo”.

PROTECCIÓN SOCIAL. O Goberno provincial, expuxo o presidente, dedica un terzo do Orzamento ás políticas sociais, “o que nos converte nunha das poucas deputacións de toda España que conta cunha rede de protección social tan ampla e eficaz”. Unha rede que ten como piares o servizo de teleasistencia domiciliaria – que atende a 2.000 persoas da provincia, o servizo de axuda no fogar e a rede de centros de atención a maiores.

A Deputación conta con 9 residencias en funcionamento en concellos rurais da provincia, que ofrecen 300 prazas asistenciais e crean en torno a 225 postos de traballo directos. E puxo en valor os seus compromisos en materia de residencias: “Nestes momentos temos en construción outros 4 centros de atención maio-

res e 5 en trámite, cos que se completaría a rede de 18 residencias na provincia”.

COOPERAACIÓN. Destacou que a Deputación transfere cada ano o 20% do seu orzamento aos 67 concellos da provincia, “segundo criterios públicos e obxectivos, e cun respecto máximo á autonomía municipal, pois son os propios concellos os que deciden libremente a que fins destinan os recursos económicos que reciben”. E que este ano subimos 250.000 euros, transferíndolles un total de 22 millóns.

Xunto aos recursos económicos, a Deputación de Lugo ofrece asistencia técnica a todos os concellos que así o requiren en materia xurídica, urbanística, en xestión e cobro de impostos municipais, en recursos humanos ou en formación, entre outras cuestións, co que aforran miles de euros e gañan eficacia.

Ademais, “como reforzo de todo ese apoio e asistencia permanente”, explicou José Tomé, desenvolve

o proxecto Impulsa TIC, co que proporciona de maneira totalmente gratuita aos 52 concellos que decidiron adherirse servizos e equipamentos tecnolóxicos para avanzar na modernización e na transformación dixital da administración, e mellorar así o servizo que prestan aos veciños. Para iso, a Deputación conta con 4,5 millóns de euros que conseguiu do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que o Goberno de España ten en marcha gracias ós fondos que logrou da Unión Europea.

Polo que respecta aos sectores produtivos, o Presidente subliñou que a Deputación de Lugo “é hoxe un referente en iniciativas públicas en apoio do sector primario, un motor económico fundamental para a provincia”, destacando de cara ao 2025 a aposta por reforzar as liñas de actividade da Granxa Gayoso Castro, onde funciona o primeiro centro público de recría de gando vacún de leite de España e onde “impulsaremos un proxecto estrela para o rural lucense coa construción dunha granxa de porco celta, cun investimento superior ao millón de euros para recuperar esta raza autóctona e para a transferencia do coñecemento como axuda ao sector”.

No eido turístico, o Presidente destacou que, “unha vez que non temos atrancos vinculados co Partido Popular”, xa están en marcha as obras que restan do Parque Central de Galicia, “un proxecto que contribuirá decididamente ao dinamismo social e económico da Ulloa e do conxunto da provincia”.

Lanzan unha nova edición das axudas ‘O que non arde’

A área do Rural da Vicepresidencia pon en marcha a quinta edición do programa de axudas ao silvopastoreo e á gandería extensiva *O que non arde*, cun investimento de 120.000 euros, un 50 % máis que na última anualidade.

A convocatoria dirixese a ganderías de ovino, cabrún e porcino en extensivo. Así, as achegas teñen como obxectivo financiar gastos de instalación e mantemento de elementos de manexo do gando, desde pastores eléctricos e valados fixos ou móbiles ata accesorios para a alimentación ou módulos para a xestión dos partos do gando no monte. Ademais, por primeira vez, incorpórase como gasto subvencionable (ata un 20 % do importe solicitado) os gastos de roza previos á instalación destes sistemas de protección.

As achegas, que se outorgarán en réxime de concorrencia competitiva, oscilarán entre os 300 e os 6.000 euros por beneficiaria ou beneficiario. A convocatoria publicarase o xoves 17 de outubro no Boletín Oficial da Provincia, establecendo 15 días hábiles -ata o 8 de novembro – para tramitar as solicitudes.

O que non arde é o primeiro programa impulsado pola Deputación en relación coa prevención de incendios e a xestión do monte. Na súa primeira edición, en 2020, o programa implementouse a través da colaboración cos concellos, que puideron solicitar axudas de Medio Rural para a roza e limpeza das faixas laterais da rede viaria municipal, así como para o mantemento da rede de faixas de xestión de biomasa coa plantación de especies arbóreas autóctonas.

Os residentes dos CAM participan en actividades medioambientais

Os residentes dos Centros de Atención a Maiores da Deputación participan en diferentes actividades deseñadas pola institución provincial para mellorar o seu benestar físico e mental. Un herbario de plantas autóctonas, a creación dun pequeno horto con fins terapéuticos, decoración floral ou un taller de plantas aromáticas son algunhas das iniciativas postas en marcha pola Deputación ata o mes de xuño nas 9 residencias da provincia que xestiona. Mellorar a calidade de vida, fomentar a socialización e promover hábitos saudables e sostibles son algúns

dos obxectivos da Deputación con esta iniciativa na que participan as persoas usuarias dos centros de Castroverde, A Fonsagrada, Meira, Navia de Suarna, Pedrafita, Pol, Ribadeo, Ribas de Sil e Trabada. O calendario de actividades medioambientais comezou cun herbario de plantas autóctonas e continuará este mes cun taller de decoración de nadal, que se prolongará ata decembro.

Entre xaneiro e marzo, están previstas dúas actividades: a creación dun pequeno horto terapéutico en maceta e hortoterapia. Nos meses de abril a xuño haberá un taller de

decoración floral e outro de plantas aromáticas e aplicación sensorial.

A Deputación coordina así aos seus servizos de Medio Ambiente e de Benestar para impulsar unha iniciativa con múltiples beneficios no benestar físico e mental, como a redución do estrés e da ansiedade ou a estimulación cognitiva. Ademais, estas actividades fomentan a socialización, porque se realizan en grupo e fan que as persoas que participan formen parte dun proxecto cun propósito e promoven os hábitos sostibles en cuestións como a reciclaxe, o aforro de auga ou a compostaxe.

FADEMUR



Tomé Roca, vén de asinar coa presidenta da Federación de Asociación de Mulleres Rurais de Galicia (Fademur), Verónica Marcos Arrojo, un acordo co que a institución provincial achega 50.000 euros, mentres que o colectivo achega aproximadamente os 3.000 euros restantes para o desenvolvemento dun programa que ten por obxectivo empoderar a muller do rural.

TERRA CHÁ


O GDR Terra Chá ocupa a vicepresidencia da asociación galega destes organismos

A asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia celebrou hoxe en Boqueixón a asemblea xeral para escoller a súa xunta directiva polos próximos catro anos. O presidente de Mariñas – Betanzos e alcalde de Abegondo, José Antonio Santiso, foi reelixido para encabezar agrupación que abrangue a todos os concellos de Galicia coa política rural como ámbito de traballo.

A decisión tomouse por unanimidade da asemblea. Os membros designaron na xunta directiva xunto a Santiso aos GDR de Ordes e Terra Cha nas vicepresidencias, a Monteval na secretaría, e a Miño – Ulla na tesourería.

Santiso agradeceu a confianza depositada polos representantes do rural galego. “Os GDR son a base do desenvolvemento rural galego, contan cos profesionais máis cualificados e con gran experiencia para traballar por medidas que supoñan avances de calado”, expresou.

O presidente apunta como a primeira medida a petición dunha reunión coa Consellería de Medio Rural e Agader para coñecer de forma directa as súas intencións con respecto ás políticas de xestión do programa europeo LEADER. Os GDR entenden os cambios no organigrama autonómico requiriron unha adaptación e por iso esperan ese encontro cara final de ano.



Melloran 51 paradas de autobús en quince estradas autonómicas

A Xunta está a mellorar a seguridade e a accesibilidade de 51 paradas de autobús situadas en 15 estradas autonómicas ao paso por 10 concellos de Lugo, cun investimento de máis de 1,8 millóns de euros.

Concretou o delegado que se está a intervir en 30 paradas en Lugo, 5 en Xove, 4 en Castro de Rei, 2 en Riotorto, Outeiro de Rei, O Vicedo, Cospeito e Begonte, e 1 en Abadín e Meira respectivamente. Lembrou que estas actuacións se enmarcan no programa da Xunta para acondicionar máis de 1.100 paradas de autobús interurbano en estradas autonómicas en Galicia, cun investimento global de máis de 35 millóns de euros. En relación á estrada Lugo-Portomarín (LU-612), apuntou que o Goberno galego executou unha senda nos primeiros 1,9 quilómetros, para a que se mobilizou un investimento de máis de 500.000 euros. Esta actuación uniu Piúgos coa estrada vella

de Santiago e polo tanto con Lugo, a través dun novo itinerario peonil seguro para os peóns, separado da calzada.

Ademais o director fixo fincapé en que a Xunta leva anos traballando na mellora da seguridade do Camiño de Santiago na súa confluencia con tramos de estradas de titularidade autonómica.

Precisou que se levou a cabo unha estratexia pola que se executaron 109 actuacións entre 2021 e 2023 anos por un importe de 3,21 millóns de euros, a maiores das sendas do Plan de Sendas de Galicia.

No caso do Camiño Primitivo, acometéronse melloras en 22 puntos nos 4 últimos anos. Así, indicou que se destinaron 251.500 euros a 14 actuacións para incrementar a seguridade na confluencia coas estradas LU-701, LU-740, LU-530, LU-232 e LU-231 na Fonsagrada, Baleira, Castroverde, Lugo e Palas de Rei.

O Servizo de Atención Temperá atende a máis de 30 nenos e nenas

O Servizo de Atención Temperá do Concello de Vilalba presta servizo na actualidade a 30 nenos e nenas vilalbeses con necesidades transitorias ou permanentes detectadas, fundamentalmente, nos centros educativos e derivados polo servizo de pediatría.

Este servizo, posto en marcha no ano 2021 polo Concello de Vilalba, en colaboración cos Concellos de Xermade e Guitiriz, conta con especialistas nas áreas de logopedia, fisioterapia, psicoloxía e terapia ocupacional que dende comezos do 2022 atenderon arredor de 60 nenos e nenas.

“Con esta iniciativa os nenos e nenas con necesidades específicas poden ser atendidos na nosa vila, de tal forma que evitamos que as familias teñan que desprazarse ata Lugo cos



seus fillos”, sinalou a alcaldesa, Marta Rouco, que cualificou o servizo de “fundamental para que as familias vilalbesas conten cos servizos necesarios no ámbito da crianza e a conciliación”.

Nesa liña, o Servizo de Atención

Temperá de Vilalba, xestionado neste momento polo Concello de Xermade, atende principalmente trastornos do desenvolvemento e dificultades específicas en áreas concretas de nenos e nenas entre os 0 e 6 anos.

Concellos da comarca forman unha agrupación enerxética

Os concellos de Abadín, Castro de Rei, Friol e Outeiro de Rei lanzaron unha licitación conxunta para o subministro de enerxía eléctrica durante os próximos dous anos, cun orzamento total de 1.395.463,34 euros e a opción de prórroga.

Esta iniciativa busca garantir mellores prezos e aforro enerxético mediante a compra de enerxía 100% renovable, co obxectivo de impulsar un futuro máis sostible para os municipios participantes.

Grazas a este contrato, os concellos prevén un aforro medio do 10% nos custos enerxéticos, o que suporá un importante beneficio económico para as arcas municipais e para os veciños.

O proxecto contou co apoio do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), que financiou entre o 50% e o 80% dos estudos necesarios para desenvolver esta colaboración.

Esta licitación é un exemplo de coo-

peración municipal, demostrando que a unión entre concellos permite acceder a servizos máis eficientes e competitivos, reforzando o compromiso con un modelo de consumo enerxético responsable e sustentable.

Esta agrupación de concellos segue o exemplo dos concellos de Guntín, Portomarín, Taboada, Antas, Palas e Monterroso, que xa sacaron o contrato de licitación por valor de 1.424.506 euros.

A CHMS investiu máis de 172.000 na limpeza do Anllo e o Azúmara

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), Organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, finalizou os traballos de limpeza de leito e marxes dos ríos Azúmara e Anllo, ao seu paso polos municipios lucenses de Castro de Rei e de Cospeito.

Estas actuacións, incluídas na programación de conservación do Dominio Público Hidráulico (DPH) dos ríos da Demarcación Miño-Sil neste ano, supuxeron un investimento de 172.000 euros.

En ambos os leitos procedeu a retirada de árbores secas, en pé ou

caídos sobre o leito, ademais elimináronse os elementos arrastrados pola corrente obstrutores do leito. Estas actuacións executáronse de forma manual no leito e con apoio de maquinaria desde o exterior do mesmo con cabrestante desde un punto fixo situado na beira ou marxe. Así mesmo, realizáronse rozas selectivas de matogueira perimetral, poda e clareo de ramas baixas, co obxectivo de mellorar a composición da vexetación de ribeira.

Unha brigada composta por 4 operarios especializados e un capataz, traballaron no río Azúmara, ao seu paso por Castro de Rei, durante 44

xornadas laborais. Estes traballos executados ao longo de 6km de leito, melloran a capacidade hidráulica do río e da composición da vexetación de ribeira.

No río Anllo, ao seu paso polos municipios de Cospeito de Castro de Rei, 5 operarios especializados traballaron durante 78 xornadas en máis de 7,1 km de leito. O tramo de actuacións que incluía algunha zona con protección de Rede Natura 2000, contaba coa correspondente autorización da autoridade ambiental e os traballos executáronse conforme ás recomendacións que evitan afeccións negativas aos lugares catalogados.

A veciñanza de tres concellos protestou pola atención pediátrica

A veciñanza concentrouse diante do centro de saúde de Castro Ribeiras do Lea para protestar polo servizo de pediatría para os concellos de Castro de Rei, Outeiro de Rei e Cospeito. A manifestación estivo apoiada polo PSOE, BNG e SLG, entre outros.

“As familias afectadas, queremos expresar o noso profundo malestar pola situación inaceptable que estamos a vivir co servizo de pediatría. A nosa pediatra, coma calquera profesional, ten todo o dereito a ausentarse por enfermidade ou outras razóns, pero as nosas familias tamén teñen dereito a que o servizo non quede sen cubrir, especialmente cando falamos da saúde das nosas fillas e fillos”, explicaron.

Afirman que a falta de substitucións está a crear un baleiro na atención pediátrica “que non podemos seguir tolerando. Non podemos depender de saber no mesmo día se haberá ou non servizo, e moito menos aceptar que a persoa que cubra non sexa pediatra. Isto non pode ser a norma nun sistema que debería garantir unha cobertura mínima e estable”.

Os manifestantes solicitaron a veciños e afectados que presenten reclamacións masivas a través dos impresos dispoñibles nos centros de saúde ou mediante a app do Sergas coa Chave 365.

“A saúde das nosas crianzas non



pode ser tratada como un servizo de segunda. Esiximos medidas inmediatas para garantir un servizo pediátrico constante e de calidade”, din.

MOCIÓN. A deputada do BNG, Ollalla Rodil presentou no Parlamento galego as deficiencias pediátricas que teñen os concellos de Castro de Rei, Outeiro de Rei e Cospeito. Así mesmo a concelleira do BNG en Castro de Rei, Olga García, presentou unha moción no Concello para que o pleno inste á Xunta de Galiza a restituir este servizo.

Actualmente, estes tres municipios quedaron sen pediatra ao non cubrir o Sergas a baixa laboral da persoa titular. Esta situación fai que as nenas e nenos sexan atendidos por médicos de familia, non pediatras, ou que se vexan obrigadas as familias a acu-

dir ás urxencias pediátricas do HULA. Nunca nos atreveríamos a discutir se un médico de familia ten a capacidade para unha atención pediátrica de calidade e lamentablemente os médicos de familia tamén escasean o que provoca listas de espera para acceder ás consultas. Aínda que consideramos que están moi capacitados, non deixan de seren especialistas noutras disciplinas, “non en pediatría”.

Os tres concellos compartían unha pediatra, 2 días en Cospeito que ten 318 crianzas, 2 en Castro de Rei con 440 e 1, o venres en Outeiro con 621 crianzas que quedan sen atención médica pediátrica, “o único que pedimos é que as persoas que fan a súa vida nestes concellos teñan un ou unha médica especialista á que levar ás súas rapazas e rapaces”, din.

O PP esixe a Sánchez a mellora da estrada N-640

O PP esixirá ao Goberno de Sánchez a mellora da estrada nacional N-640 entre os termos municipais da Pastoriza, no lugar de Paraxes, onde se atopa o tramo en peor estado, e Meira para “garantir a seguridade e reducir o risco de accidentes”.

Con esta iniciativa trasladan ás distintas cámaras “a preocupación dos veciños da zona e os usuarios da vía ante a situación de perigosidade”, especialmente no punto quilométrico 60 e as súas proximidades; segundo explica a deputada autonómica do Grupo Popular Nicole Grueira, acompañada polos deputados nacionais Jaime De Olano e Francisco Conde, que tamén levarán a reivindicación ao Congreso, o alcalde e o

tenente de alcalde da Pastoriza, concelleiros do PP de Meira e veciños.

Grueira vén de rexistrar unha Proposición Non de Lei para o seu debate na Comisión de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos coa que reclamar ao Goberno de España, como titular da vía, iniciar as obras de mellora “con carácter urxente”. Os populares tamén levarán este asunto ao Congreso dos Deputados e ao Senado.

Os populares instan tamén a “mantener a rede viaria estatal na nosa provincia en boas condicións, asegurando que se dispoña dun pavimento axeitado, sinalización visible e alumbeado suficiente para favorecer unha circulación segura e fluída”.

Bandeira Verde para Cospeito, Begonte e Outeiro de Rei

A Xunta concendeu a Bandeira Verde a un total de 24 concellos das catro provincias en recoñecemento ao seu compromiso medioambiental e ás boas prácticas s no eido do coitado da paisaxe e da súa contorna. 11 dos municipios luciran o galardón por primeira vez. Concretamente son: Ares, Begonte, Boiro, Cospeito, Larouco, Lugo, Muíños, Ribadeo, San

Sadurniño, Silleda e Vilariño de Conso. Lugo é a primeira cidade galega en obter a bandeira verde.

Repiten como municipios galardoados, nunha ou en varias edicións anteriores, os de Cervo, Curtis, A Illa de Arousa, Muros, Ordes, Outeiro de Rei, Parada de Sil, Porqueira, Ribeira, Sanxenxo, Sober e A Laracha, que exerce como anfitrión.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN
Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA
Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES
Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE
Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI
Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSPEITO
Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL
Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa 982 37 10 05

GUITIRIZ
Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA
Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS
Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI
Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL
Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA
Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO
Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VILALBA
Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE
Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: www.terrachaxa.com

TELÉFONOS DE INTERESE

📞 Emerxencias: **112** | Incendios Forestais: **085**
Urxencias Sanitarias: **061** | Garda Civil: **062**

📄 www.terrachaxa.com

DEPORTES



O club Loita Olímpica Vilalba debuta na tempada cun ouro

A tempada deportiva de loita comezou cunha presenza destacada do Club Loita Olímpica Vilalba no Torneo Internacional Villa de Madrid, onde varios rapaces competiron en distintas categorías logrando destacados resultados.

Na categoría U13, Enrique Seoane proclamouse campión na categoría de menos de 70 kg, acadando a medalla de ouro. Héctor Somoza, que competía en menos de 55 kg, terminou en 5ª posición, aínda que non puido completar a competición por mor de certas molestias físicas.

Bruno Pintos, do club Lugo Loita Olímpica, obtivo o 9º posto en menos de 45 kg, e Jimena García logrou un meritorio 5º posto en menos de 65 kg. En canto á categoría U23, Xiao Seoane acadou o 8º lugar en menos de 65 kg, sumando así experiencia e puntos nesta nova tempada.

Estes resultados supoñen un comezo prometedor para os mozos galegos, que demostraron a súa valía e esforzo nun evento de alto nivel. A súa participación foi posible grazas ao apoio da Federación de Loitas Olímpicas.



Markytos lévase a navalla no Aberto do Ferro de billarda da Pontenova

Por Daniel Rodríguez Saavedra
Fermosa mañá de domingo, aínda que ventosa, no campo da mina da Pontenova, onde nos xuntamos 81 paladores (56 homes, 15 donas e 10 cativos) para disputar o XIII Aberto do Ferro.

O gañador absoluto da navalla foi Markytos, quen comentou que lle tiña moitas ganas e que finalmente a conseguira. Segundo, o seu compañeiro Basilio e terceiro Collazo, do equipo Foucellas da Coruña. Alba foi a mellor das donas (nas

tres xornadas foi terceira, segunda e hoxe, primeira), e Geni e Pamela acompañárona no podio feminino. En infantís, Mateu, Diego e Mateo foron os mellores, aínda que tódolos cativos levaron un fermoso agasallo. En equipos os Billardeiros Musicais gañaron a xornada acortando a só tres puntos a diferenza cos líderes da tempada. Segundo posto para Troitas Bravas e terceiro para Carabullo. Rematamos a xornada cun inmoltable xantar de irmandade.

O Korreo e o Castro gañan dúas finais da Copa Deputación

Despois de cinco xornadas, a Copa Deputación de Fútbol sala sénior chegou ao seu final, unha competición non oficial que patrocina a Vicepresidencia da Deputación de Lugo e na que participaron 40 equipos de 3ª División Nacional Masculina, Preferente Masculina, 1ª e 2ª Autonómica Masculina, Preferente Feminina e 1ª Autonómica Feminina.

Despois das fases anteriores, o pavillón Jonathan Carro de Guitiriz foi o escenario das tres finais, dous na masculina e unha na feminina.

Na Primeira División, o Korreo Guitiriz gañou con moita solvencia ao Insuas do Miño Galical Rábade (8-0). O guitiricense xa vencera ao Lugo Sala, Meigallos e Praias de Barreiros nas fases anteriores.

Na Segunda División Masculina o FSF Castro superou por un axustado 6-5 ao equipo sarriao Luisitalia. O primeiro venceu ao Punto de Encuentro na semifinal e anteriormente ao Cubelas e Samos Fútbol. A primeira parte foi un monólogo do chairego que ampliou o marcador ata o 4-0. Na segunda, o visitante recuperou terreo ata chegar a estar empatados 4-4 e despois 5-5. O gol da vitoria en-



trou sobre a bucina.

Na feminina, o Burela B derrotou ao Ribeira por 2-5. O equipo mariño foi o último en clasificarse, logo de vencer esta semana ao Praias de Barreiros. Anteriormente goleou ao Meigallos. Foron as luguesas as que abriron a caixa dos goles xa no 4', aínda que ao minuto seguinte as laranxas xa tiñan empatado e lograron abrir fenda ata o 1-4 antes da pausa. Na segunda metade, o Burela B volveu marcar e achegouse pouco despois o Ribeira de novo.

O vicepresidente da Deputación de Lugo Efrén Castro entregou os

premios aos equipos campións e subcampións, aos que felicitou polo xogo e a emoción coa que disputaron as finais e destacou o interese e a expectación que despertaron nos partidos, que encheron de público o pavillón guitiricense.

A Vicepresidencia da Deputación financia a Copa cunha achega de 22.200 euros (un dez por cento máis que na última edición) que se distribúe entre os equipos con premios en función dos partidos disputados e das eliminatorias superadas e premios a maiores para os campións e subcampións.

Guitiriz acolleu o Rías Altas Clásico e Outeiro de Rei o rally San Froilán

Celebrouse en Guitiriz o XX Rally Rías Altas Clásico, que contou con máis de 40 participantes. A proba foi organizada un ano máis pola Moto Club Coruña-Escudería Centollo, en colaboración co Concello de Guitiriz e a Asociación Lucense de Automóviles Antigos. O concello guitiricense foi o epicentro da proba, que contou cun percorrido de 175 quilómetros e que tamén cruzou os concellos de Xermade, Aranga e Monfero.

A carreira, que foi unicamente de tarde, deu inicio ás 15.30 horas desde a praza do Campo da Feira e finalizou coa chegada unhas seis horas despois ao Iberik Balneario de Guitiriz, onde posteriormente quedaron expostos os coches participantes. A cita congregou en Guitiriz a equipos das distintas escudarías de clásicos de Galicia e da Asociación de Amigos del MAHI, cun total de 44 participantes. Tras o remate da proba, todos os participantes e os representantes gozaron dunha cea de confraternización no Iberik Balneario de Guitiriz.

SAN FROILÁN. Un ano máis rema-



tou unha máis que exitosa edición do Rally San Froilán que tivo saída na Praza da Horta do Seminario, por onde desfilaron os 150 equipos que participaron na 46 convocatoria da proba lucense. O paso dos vehículos foi seguido por numeroso público, que deu conta da especial afección ao automobilismo na cidade e nas comarcas de Lugo. Daniel Berdomás e Brais Mirón conseguiron impoñerse cun Skoda Fabia R5 na cita, última proba para o Campionato de Galicia deste ano e onde o coruñés sumou a súa segunda vitoria consecutiva. No segundo posto resultaron o lu-

cense Francisco Dorado e Andrea Lamas co Citroën C3 WRC e o terceiro foi para Alberto Meira e Avelino Martínez co seu Skoda Fabia Rally2. Martínez facíase co título de campión galego de navegantes mentres que Alberto Meira lograba o título de subcampión. Efrén Castro destacou a "alta participación de equipos lucenses, algún deles como Pablo López, gañador do Volante Deputación, debutando na competición, que converten este rally no máis emblemático e popular do campionato galego".

“O que nos move é tratar de arraigar o baloncesto en Meira”

Manuel Huerta Lejo, xogador e tesoureiro do CB Vila de Meira, club que retomou esta tempada a competición despois de 13 anos inactivo

Cando naceu e como xurde a idea?

Desde fai 2 anos, un día a semana quedabamos para xogar a baloncesto un grupo de afeccionados a este deporte, tanto de Meira como doutros sitios como A Pastoriza, Pol, Lugo, etc., e isto servíanos para mantermos activos, e desfrutar do deporte que nos gusta. Durante o último 3x3 que celebramos en Meira o pasado 15 de agosto, e onde participamos varios compañeiros dos que solíamos quedar habitualmente, foi cando sonou o “click” de recuperar o baloncesto en Meira. Durante esa noite, empezamos a darlle forma, pero sen nada concreto, xa que nos parecía moi complexo. Uns días máis tarde, e xa en frío, xuntámonos, e dunha forma tranquila, empezamos a darlle forma a este proxecto, o cal fomos involucrando tanto a directivos, xogadores, adestrador e patrocinadores, sendo todas estas, pezas clave para sacar isto adiante.

Cantos deportistas e de que categorías teñen actualmente?

Actualmente somos 15 xogadores os que estamos inscritos no equipo sénior, que está participando na Terceira División autonómica.

E adestradores?

Si, estamos moi contentos de poder contar con César Fernández Flórez como adestrador, que coa súa experiencia, nos está achegando moitísimo, tanto a nivel de xogo, fundamentos, competición, etc. Tamén colabora con nos Artai González, preparador físico, e con moita experiencia neste aspecto, o cal para nós, que a maioría temos unha idade, resulta imprescindible, e todo un luxo.

Recollen a testemuña dun club anterior. Onde estaba cando desapareceu e por que?

Precisamente un dos motivos de traballar este proxecto, foi retomar o CB Vila de Meira. O baloncesto sempre foi un dos referentes no concello de Meira, existindo o Club Baloncesto Meira dende o ano 1993. Despois de desaparecer, naceu o Club Baloncesto Vila de Meira que seguiu o camiño marcado polo anterior e continuou na categoría sénior ata o ano 2011, momento no que desapareceu, principalmente pola falta de continuidade nas categorías inferiores, e a imposibilidade de continuar da maioría dos xogadores que compoñían o equipo naquel momento.

En que situación está agora?

A realidade é que xa desde esta mesma tempada estamos competindo na Terceira categoría autonómica, na zona de Lugo-A Coruña-Ferrol. Realmente, como a idea se afianzou a finais de agosto, fomos cos prazos moi, moi xustos para poder arrancar,



pero queríamos recuperalo canto antes, non so pensando en xogar o equipo sénior, senón en recuperar canto antes o baloncesto en Meira, para que sobre todo as nenas e nenos de Meira e a súa contorna, tiveran a posibilidade de ver baloncesto.

Cales son os proxectos máis inmediatos de futuro?

O proxecto real que nos move en todo isto, non é outro que tratar de arraigar novamente o baloncesto en Meira, e iso queremos conseguilo en base á visibilidade do equipo sénior

Principalmente temos dúas necesidades: nenas e nenas e financiamento

e á creación do baloncesto de base, que dea cabida as nenas e nenos tanto de Meira como dos concellos próximos, e que aos que lles guste o baloncesto, poidan practicalo sen necesidade de grandes desprazamentos como ocorre a día de hoxe, xa que para poder practicalo, os nosos nenos teñen que irse á Mariña ou a Lugo, coas dificultades que iso ten para as súas familias, e limitando así o seu crecemento neste deporte. Nun prazo de un ou dous anos, queremos crear unha base, nas categorías de preminibasket, minibasket, infantil, etc., onde sexamos capaces de xuntar un mínimo de nenos, para o cal, estamos planificando varias ac-

tividades que mostren aos nenos o baloncesto, e lles dea a posibilidade de practicalo.

E necesidades?

Principalmente dúas: Nenas e nenos e financiamento. As nenas e nenos queremos conseguir atraelos polas actividades que estamos organizando, tanto nos nosos partidos, como en actividades que queremos facer nos colexios, colaboración con outras escolas deportivas, os concellos, etc. Financiamento. O arranque foi moi gratificante, xa que a acollida que nos deron os negocios e empresas de Meira foi espectacular. Damos as gracias publicamente a todos os negocios e empresas de Meira, pero concretamente aos nosos patrocinadores Naturleite, Tibor, Almacenes Méndez, Asesoría Mel, Bicos de Fío, Parrillada O Pozo, Benestar Fisioterapia e Hortícolas Javier Miranda. Ademais disto, tamén temos o respaldo do Concello de Meira, e esperamos contar coa axuda de Xunta e Deputación.

Contan con axuda para manter o club activo?

Si, desde logo que necesitamos axuda, e temos moita a día de hoxe, desde os negocios que nos apoian economicamente ou con material, o Concello que nos apoia tamén de forma económica, pero sobre todo con todas as facilidades nas necesidades que lles transmitimos. Esperamos poder manter isto no tempo, xa que será básico para os próximos anos.

Que nos pode dicir da afección?

En Meira sempre tivemos moita

afección ao baloncesto, e iso notouse cando a xente se foi coñecendo que queríamos retomar o club, posto que todo eran mensaxes de apoio e ilusión. Concretamente, o día do primeiro partido na casa foi unha sensación de alegría, nostalxia e satisfacción, xa que cando saímos á cancha a xogar, e vimos as gradase case cheas, foi algo que a maioría dos xogadores e directivos, nos quedará para o recordo.

Ademais da competición programan outra serie de actividades?

Este punto para nos é básico, xa que sen iso, non conseguiremos levar o proxecto adiante. Estamos traballando en xornadas e visitas de colaboración con Breogán e Ensino como referentes da provincia. Tamén faremos xornadas en colaboración con colexios e escolas deportivas, onde buscaremos activar o gusto polo baloncesto nos nenos de Meira e arredores, así como poder dar a posibilidade de xogalo e competir preto da súa casa os nenos que xa a día de hoxe lles gusta ou incluso o están xogando en equipos de Lugo ou da Mariña. A maiores disto, seguimos pensando novas actividades, que máis ou menos relacionadas co baloncesto, si axuden a impulsar Meira como un referente na contorna.

Cal é a idade máis apropiada para practicar este deporte?

Sempre que queiras, poidas e che guste. Isto vai desde os 4 ou 5 anos ata o límite que ti mesmo te poñas. Nós, concretamente, somos un equipo cunha media de idade moi alta, xa que boa parte do equipo está por riba dos 40 anos, e incluso dos 50, pero iso non nos limita, senón que nos motiva máis, e supón un hábito de deporte nas nosas vidas, que como a maioría, polo traballo e pouco tempo, sempre resulta complicado facer deporte.

E cando se deixa?

Tampouco tes unha idade, moitos de nos facía 10 ou 12 que o deixáramos, e nunca pensáramos en volver, pero por voltas que van xurdindo, pois aquí estamos. Cando o deixáremos?, cando teñamos xente nova que nos xubile! (risas).

Que beneficios achega?

Como calquera deporte, os beneficios son claros a nivel de saúde, xa que a práctica de calquera deporte, sempre é positivo. Ademais diso, é moi positivo a nivel de relación cos compañeiros, xa que volver entrar nunha dinámica de equipo resulta moi gratificante. As vivencias, momentos de ledicia, momentos de cabreo ou rabia... todo iso contribúe como xogador, pero sobre todo como persoa. Pensando na xente máis nova, achega sobre todo valores, que é algo que nós tamén queremos inculcar a todos os nenos que queiran xogar, e que grazas á nosa experiencia como xogadores, pero sobre todo na vida, estamos seguros que podemos facelo, e iso si queda ben gravado nun neno, axudaralle durante toda a súa vida, como así o vivimos moitos de nos.

O Lago DVSPORT fará unha cea baile o 23 en Espiñaredo

O sábado 23 de novembro, o local social Espiñaredo acollerá unha gran Cea-Baile organizada por Lago DVSPORT. O evento comezará ás 22:30 e promete unha noite chea de diversión, boa comida e música.

O menú inclúe pratos típicos galegos como xamón cocido, polbo e churrasco, ademais de bebida, licor, café e sobremesa. O prezo para adultos é de 32€, para nenos de 8 a 12 anos 15€, e os menores de 8 anos poderán asistir de balde.

Para asistir, é necesario inscribirse a través da aplicación app.clubber.es ou chamando ao número 679 371 472. A data límite para realizar a inscrición é o luns 18 de novembro. A organización tamén ofrece un servizo de autobús ata Espiñaredo por 5 euros. A noite estará amenizada polo DJ Álex Romero.

O club hípico local organiza o I Raid Val de Francos o día 24

O Club Hípico Val de Francos celebrará o 24 de novembro o seu primeiro Raid Val de Francos, unha proba ecuestre de resistencia que reunirá a participantes de toda Galicia e do resto do Estado.

O evento incluírá tres categorías de competición: CEA 0* de 80 km, CEA P de 60 km e CEA P de 40 km, adaptándose así a diferentes niveis de experiencia e resistencia.

A competición conta co apoio de varias entidades locais e nacionais, ademais do respaldo da Federación Hípica Galega. Esta proba pretende fomentar o deporte ecuestre na zona e poñer en valor as paisaxes de Castro de Rei, que ofrecerán un marco natural excepcional para o desenvolvemento do evento.

O Raid Val de Francos tamén promoverá a concienciación sobre a violencia de xénero, cunha mensaxe de apoio á campaña “NON á violencia de xénero”.

O club Lume iniciou a súa actividade o 19 de outubro en Friol

O club de béisbol Lume comezou o pasado 19 de outubro a súa andaina en Friol iniciando os adestramentos. Estes teñen lugar todos os sábados, de 11.00 a 13.00 horas no pavillón polideportivo de Friol. Esta actividade está dirixida a nenos e nenas desde terceiro de Primaria ata segundo da ESO. Para a mocidade de terceiro e cuarto da ESO hai tamén adestramentos pero estes teñen lugar en Lugo.

DE RUTA EN RUTA

O patrimonio arquitectónico de Abadín

A localidade conta con vestixios desde a etapa romana e castrexa ata o século XIX en diferente estado de conservación

Abadín acubilla unha serie de tesouros de cada unha das etapas da historia que van desde os restos da época megalítica e castrexa ata importantes edificacións civís e eclesiásticas de distintas épocas.

Non se poden deixar de visitar os principais restos prehistóricos, como o dolmen de Romariz, os castros de Os Castros, Fraiás-Terraxis (Moncelos), Abeledo e Romariz, as penas Abaladoira e Petitore e os monumentos megalíticos de Fanoi.

Facendo un percorrido desde a época medieval, da que quedan pontes que son os que dan forma ao concello, consérvanse dous en bo estado, ambos en Romariz.

No medioevo é tamén cando se constrúe a igrexa de Santa María de Abadín, da que só se conserva do orixinal a fachada. Situada en pleno Camiño de Santiago, xusto encima dun altozano, goberna unhas vistas da súa montañosa contorna de labranza que deixan sen alento.

Outra das que merece unha visita é a igrexa parroquial de San Xoán de Romariz. Construída posiblemente no século XIII, de estilo románico, foi restaurada no 2005.

A igrexa de Santa María de Moncelos é un templo do século XVI, de estilo renacentista. No interior destacan o arco triunfal de medio punto e os arcos das capelas laterais así como o interesante retablo maior barroco do século XVIII, procedente da igrexa do mosteiro de Meira, ademais do retablo lateral plateresco popular do século XVII.

Preto da capitalidade está a igrexa de San Bertomeu de Cabaneiro, construída no século XII, de estilo



románico.

Destaca tamén a igrexa vella de Santa María de Montouto. Foi construída no século XVI pero actualmente atópase en estado ruinoso e pechada ao culto desde 1965. No cemiterio contiguo hai unha interesante pila bautismal de estilo gótico final. Máis moderna é a capela da Virxe de Fátima, en Gontán, construída a mediados do século pasado. Está dedicada á virxe en cuxa honra se celebran festas na localidade no mes de maio. A talla chegou á igrexa unha vez acabadas as obras, procedente dun taller de escultura de Santiago. Con respecto á arquitectura civil e militar quedan restos de pazos e casas grandes, como o Pazo da Cernada en Santa María de Graña. Trátase dun edificio de propiedade privada con grandes chemineas e unha galería acristalada de madeira. Todo o recinto, coa a súa propia capela, atópase amurallado cunha bonita porta de reixas na entrada. Tamén destaca o Pazo da Roxoa, en Castromaior, propiedade privada non visitable



situado na ladeira dun outeiro que baixa cara ao val.

Tamén son destacados o Pazo Torre de Escourido ou a Casa reitoral de Labrada (século XIX). Neste último lugar tamén se pode visitar a igrexa parroquial de San Pedro, situada na aldea do Barral, que está feita sobre un terreo sumamente crebado e montañoso.

Tamén en Barral está a Igrexa parroquial de San Xoán de Castromaior, emprazada sobre dun antigo castro, con orixe no século XVI e reformada posteriormente. No interior destaca o retablo maior barroco do século XVIII, dous laterais de traza popular e un arco sepulcral co escudo de Xoán Montenegro, do 1622.

En estado máis deteriorado están

outros vestixios do pasado de Abadín. En Abeledo, na aldea de Touceiras, hai unha igrexa construída no século XVII sobre un antigo castro e rodeada dun espeso arboredo autóctono. En estado ruinoso tamén está a antiga igrexa parroquial de Santiago de Baroncelle, do XVII.

En Fanoi hai que visitar a igrexa parroquial de Santa María Magdalena, construída nos primeiros anos do século XVII.

Tamén, é de visita obrigada o Muíño de Corvite, convertido en aula etnográfica tras a súa restauración. Situado na parroquia do mesmo nome, atópase emprazado no lugar de Laxe, nas beiras do río A Fraga. Este centro cultural ten unha gran actividade durante o ano co obxectivo de mostrar as funcións tradicionais do muíño e dos oficios agrícolas vinculados ao mesmo. Non é o único da zona, xa que hai unha ruta marcada, que arrinca precisamente neste lugar pola canle do río Anllo, no que hai varios en distinto estado de conservación



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos



formación integral de empresas

Cursos y Certificados

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05